A avaliación debe ser entendida como unha práctica reflexiva que nos permita comprender mellor o que sucede no escenario educativo. Tamén nos permitirá investigar sobre a nosa propia práctica. Polo tanto, a avaliación débenos servir para acumular o maior número de información sobre un alumno e sobre todos os aspectos que determinan o proceso de aprendizaxe.

En Educación Física a avaliación posúe unha serie de peculiaridades que se deben ter en conta:

- O carácter lúdico que a actividade físico-deportiva posúe fai que os obxectivos que se platean sexan de satisfacción persoal. Xerar actitudes positivas e duradeiras é unha meta a longo prazo, logo non debemos obsesionarnos con obxectivos inmediatos.
- A estreita relación entre motricidade e desenvolvemento evolutivo desvirtúa os éxitos conseguidos polo profesorado.
- As condicións en que se desenvolve a área: número de alumnos, tempo dispoñible, necesidade de instrumentos ou condicións específicas e a imposibilidade de avaliar de forma masiva poden restar eficacia á avaliación. Polo tanto é necesario abordar estas condicións con criterios realistas, debemos seleccionar instrumentos que pola súa economía, facilidade de aplicación, fluidez na organización e calidade da información recollida alteren menos o ritmo de clase.
- Ten que compaxinar as apreciacións subxectivas coas obxectivas, tanto unhas como outras poden alterar a información. Os obxectivos actitudinais poden perderse na subxectividade e a práctica exclusiva de probas obxectivas reduce o progreso do alumno fronte á norma.
- A ausencia dun contido estable definido e uniforme fai que se imparta substancialmente de forma diferente segundo as circunstancias da contorna.

Hai tres momentos significativos no proceso avaliador dentro do desenvolvemento curricular que determinan as súas funcións específicas. Son a avaliación inicial-diagnóstica, a avaliación procesual-formativa; e a avaliación final sumativa.

A avaliación inicial serve para coñecer o nivel, non exacto, pero si unha aproximación, do grupo clase con respecto a algúns contidos. A través desta avaliación inicial en educación física, non se pretende coñecer todos os aspectos que se poidan avaliar na área (se fose así poderíamos estar todo o ano avaliando), senón só aqueles que sexan máis relevante para o obxectivo educativo que cada un pretenda conseguir, e así poder realizarse unha idea rápida e global de onde pode partir.

Existe unha gran variabilidade de aspectos a avaliar en Educación Física e de distinta natureza (expresión corporal, habilidades motrices básicas, equilibrio, coordinación, capacidades física básicas, actividades no medio natural, xogos de cooperación-oposición, respecto que lle teñen ao material, a autonomía, etc.).

Podemos definir a avaliación inicial como aquela que nos permite diagnosticar ata onde pode chegar o proceso de ensino/aprendizaxe, como o punto de partida dos obxetivos propostos.

Na primeira sesión de cada unidade didáctica prestarase especial atención ao nivel de partida do alumnado en canto aos contidos de dita unidade (posibilidades, necesidades, intereses, etc). Suporá unha avaliación inicial que poderá condicionar o grado de complexidade das actividades das seguintes sesións.

Tamén ao inicio do curso realizaremos unha avaliación inicial para coñecer o nivel de competencia motriz dos nosos alumnos/as. Esta primeira avaliación do curso que se levara a cabo durante as sesións do mes de setembro e que nos permitirá obter un diagnóstico inicial estará composta por:

- Ficha médica de cada alumno e alumna
- Circuitos e actividades que comprendan os seguintes contidos:
 - Estructuración espazo-temporal: Correr por unha sucesión de aros, desprazarse en función dun ritmo marcado.
 - Coordinación e equilibrio: Manter a posición sobre un só apoio un tempo determinado, alternar saltos sobre un banco (pernas abertas, pes xuntos), botar un balón.
 - Habilidades básicas: Lanzamento e recepción dun balón, salto en altura e lonxitude.
 - Habilidades xenéricas: conducción e botes cun balón nun recorrido establecido.
 - Capacidades físicas: Resistencia (5 min), Velocidade (30 m), axilidade (circuito), Forza tren inferior (salto horizontal), flexibilidade (flexión de tronco)
 - Expresión e comunicación corporal: Axustar movementos a un ritmo dado, xogos de mímica.

Estas tarefas e actividades poden ser rexistradas en video para unha posterior análise e valoración por parte do mestre, co obxectivo de ter un punto de partida co que comezar a traballar cos contidos. A diversidade é unha

realidade facilmente observable, e a súa axeitada atención é un dos alicerces básicos no que se fundamenta o sistema educativo. Cada alumno e cada alumna teñen unha ampla gama de necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais (xénero, idade, etapa de desenvolvemento madurativo, motivación, intereses, estilos de aprendizaxe, expectativas, procedencia socioeconómica e cultural, orixe étnica, etc.), que deben ser satisfeitas.

En consecuencia, todo centro ten que estar en condicións de:

- 1.º Adaptarse ás características individuais e sociais de cada alumno ou alumna.
- 2.º Ofrecer unha cultura común, respectando as peculiaridades de cada cultura propia.
- 3.º Adoptar unha metodoloxía que favoreza a aprendizaxe de todo o alumnado na súa diversidade.
- 4.º Partir dunha avaliación inicial do alumnado en cada núcleo de aprendizaxe que permita detectar os seus coñecementos previos, para facilitar a significatividade dos novos contidos que se deben aprender.

Como consecuencia da obrigatoriedade do ensino, xorde a escola comprensiva, que ofrece un mesmo currículo básico para todos os alumnos e todas as alumnas minimizando as súas diferenzas a través do principio de igualdade de oportunidades, co fin de compensar así as desigualdades sociais. Ademais, expónse como proporcionar unha resposta educativa axeitada a un colectivo de estudantes con necesidades de formación moi diversas, escolarizados dentro dun mesmo centro educativo e cun currículo, en parte, común.

Esta proposta trata de promover a escola comprensiva mediante as seguintes estratexias:

- 1.ª Adoitar organizacións flexibles dentro do aula, con respecto cara aos principios básicos de organización e funcionamento dos grupos, practicando estratexias inter e intragrupoais, para potenciar o traballo con grupos heteroxéneos de alumnos e alumnas.
- 2.ª Realizar as adaptacións curriculares necesarias para asegurar que se poida manter unha escola na que teñan cabida todos, sexan cales sexan as súas necesidades educativas ou intereses persoais específicos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	6	15	7	6	6	6	8	6	6	6
Proba escrita	4	3	0	5	0	0	7	4	0	0
Táboa de indicadores	96	97	100	95	100	100	93	96	100	100

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	5	8	7	100
Proba escrita	12	3	0	4	3
Táboa de indicadores	88	97	100	96	97

Criterios de cualificación:

Para determinar a nota do alumnado, débense establecer uns criterios de cualificación que se relacionen directamente cos criterios de avaliación. Estes criterios permitirán identificar se o alumnado progresa adecuadamente, é dicir, se desenvolven as capacidades de diferentes ámbitos ou se necesita mellorar nalgúns aspectos.

Todo alumnado ten dereito a unha avaliación o máis obxectiva posible e debe coñecer claramente o sistema de avaliación de forma que o/a alumno/a teña control sobre a aprendizaxe e a avaliación.

Débense variar os instrumentos de avaliación para obter información desde diferentes fontes, e desta forma orientar

o proceso e realizar axustes sempre que sexa necesario.

A avaliación ideal debe estar centrada no alumnado. E isto significa que non vale a mesma avaliación para todos porque non todos aprenden da mesma forma. Algúns poden pensar que temos que facer unha avaliación para cada neno/a, pero se traballas por niveis poderemos identificar o nivel do alumnado e a partir de aí preparar a avaliación.

COMO AVALIAR AO NOSO ALUMNADO

A avaliación será Criterial, interpretando os resultados en función do alumno/a e avaliando o seu propio progreso, é dicir, o resultado obtido do individuo comparárase con outros resultados obtidos polo mesmo nas mesmas actividades ou probas.

Ao ser unha programación didáctica para 3º Ciclo empregaremos Instrumentos Cualitativos, sendo polo tanto unha avaliación baseada en técnicas de observación.

Rexistraremos diariamente o que acontece nas sesións, empregando diferentes Instrumentos de Avaliación:

- ESCALAS DE VALORACIÓN.

- REXISTRO ANECDÓTICO: reflectiranse acontecementos que sexan significativos a efectos de avaliación do alumnado, así como calquera feito ou incidencia da sesión que nos poida servir como autoavaliación.

- LISTAS DE CONTROL: consiste nunha serie de ítems referidos a características, accións e actividades, nas que se indicará simplemente se se realizan ou non.

- RÚBRICAS: instrumento de medición no que a través dos CA prescritos se establecen uns estándares por niveis, mediante a disposición de escalas, que permiten determinar a calidade da execución en tarefas específicas.

- TEST MOTORES: miden as cualidades físicas básicas que posúe o alumnado para realizar unha actividade física.

- LUDOGRAMAS: permite observar e representar o rol dos xogadores; e contabilizar accións (por exemplo, o número de pases que fai).

- SOCIOGRAMA. permitíranos coñecer as relacións sociais que existen dentro dos membros do grupo.

CANDO SE AVALÍA

1- AVALIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

Avaliarase cada unha das Unidades Didácticas sobre 10, empregando diversos instrumentos de avaliación. Para isto, tomaremos de referencia os criterios de avaliación xunto cos seus mínimos de consecución establecidos para cada unha das UD do apartado 3.3. Avaliación das Unidades Didácticas desta programación.

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

Rúbricas: 30%

Escalas de observación e rexistro anecdótico (comportamento, participación e actitudes): 30%

Escalas de valoración: 15%

Lista de control: 15%

Probas orais e/ou escritas: 10%

A proba escrita realizarase a través dun cuestionario, o cal será a través de preguntas tipo test, múltiple elección ou resposta corta. A proba oral será a través de exposición oral u/ou traballo escrito, valorada, a través dunha escala de observación.

2- AVALIACIÓN DO TRIMESTRE:

Para avaliar cada trimestre teremos en conta as Unidades Didácticas levadas a cabo en cada un dos trimestres.

A nota do trimestre será o resultado da nota ponderada acadada polo alumno/a en cada UD seguindo a seguinte fórmula:

Curso 2023/2024:

A nota do trimestre será o resultado da nota ponderada acadada polo alumno/a en cada UD seguindo a seguinte fórmula:

1º TRIMESTRE : Nota do 1º trimestre (suma das UD da 1 á 5)/5= 10

2º TRIMESTRE : Nota do 2º trimestre (suma das UD da 6 á 10)/5= 10

3º TRIMESTRE : Nota do 3º trimestre (suma das UD da 11 á 14)/4= 10

3. AVALIACIÓN FINAL DO CURSO (NOTA ORDINARIA) :

Tendo en conta que a avaliación é continua e formativa, a nota da avaliación final ou ordinaria será o resultado da terceira avaliación.

Criterios de recuperación:

Para o alumnado que non superen o grao de consecución mínima dos CA estableceremos as seguintes premisas:

1.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito progresivo quedarán superados cando na seguinte avaliación sexan acadados.

2.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito non progresivo proporánselle actividades ao longo do curso nas distintas UD para que o alumnado supere ditos Criterios de Avaliación.

6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo ao marco da ORDEN vixente pola que se desenvolve o Decreto actual que regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, enténdese por atención a diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

É evidente que cada alumno/a é diferente e que estas diferenzas son consecuencia de diversos factores como son as capacidades, motivacións, intereses, situacións sociais, entre outras. O feito de que o currículo sexa aberto e flexible proporciona un instrumento esencial para o tratamento da diversidade. As programacións deben prever adaptacións dirixidas a determinados grupos de alumnado con características especiais, polo tanto esixe asumir diferenzas dentro de grupo de clase, así como realizar unha avaliación inicial individualizada.

MEDIDAS XERAIS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

No traballo diario estableceranse unha serie de medidas de carácter xeral, que nos permitan aos docentes adaptarnos á diversidade do grupo.

Realizarase unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida de cada neno/a; tanto na programación como nas unidades didácticas traballarase dende un nivel básico ata un avanzado, establecendo uns obxectivos mínimos que deben alcanzar todos/as e outros máis amplos en relación a diversidade de capacidades; as actividades son adaptadas e van do coñecido ao descoñecido, do fácil ao difícil, do concreto ao abstracto e do particular ao xeral; organizaranse grupos de traballo flexibles, o que permite ao alumnado realizar actividades de ampliación e reforzo e adaptar o ritmo de introdución dos novos contidos; buscarase que o alumnado realice as tarefas de forma autónoma, cobrando especial importancia o ordenador e a biblioteca de aula.

ALUMNADO CON NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo).

A lexislación vixente define o Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) como aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais excepcionais. A atención a este tipo de alumnado levarase a cabo coordinando aos especialistas que imparten docencia no grupo, ás familias e ao Departamento de Orientación.

Algúns alumnos/as presentan desvantaxes ou incapacidades que lles dificultan a aprendizaxe a través dos recursos máis xerais e ordinarios dos que dispoñen os centros educativos. A complexidade radica en que cada alumno/a con NEAE ten un problema particular e concreto e que todo o profesorado, incluídos nós, teremos que adaptar o currículo e a programacións ás súas necesidades e posibilidades.

Pódense contemplar distintas situacións:

- Alumnos/as con diferentes ritmos de aprendizaxe. Hai algúns nenos/as que levan un ritmo de aprendizaxe máis lento na aula pero non lles afecta á práctica de actividade física. Tamén hai algúns/algunhas que presentan distinto ritmo de aprendizaxe na nosa área polo que lles ofreceremos o reforzo educativo necesario cando o precisen.
- Alumnos/as de incorporación tardía ao sistema educativo español.
- Alumnos/as con altas capacidades intelectuais, con necesidades continuas de ampliación e dedicación especial.
- Alumnos/as con NEE motivadas por algunha deficiencia.

SITUACIÓN ACTUAL DO GRUPO - AULA DE 2º NIVEL DO 3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.6ªA

Esta programación está deseñada e orientada para dar solución a un grupo de alumnos e alumnas, que de maneira directa ou indirecta, é un grupo con multitude de diferenzas entre si.

Coa sutil intención de dar maiores facilidades ao alumnado, axustarase a axuda pedagóxica ás súas necesidades. Tentarei que entre algunhas desas facilidades, predominen a facilitación de recursos e estratexias diversas, os cales e as cales serán necesarios para dotar ao alumnado dunha mellor resposta ante a gran cantidade de motivacións, intereses, carencias e capacidades que presentan os alumnos nesta franxa de idade.

Tal como se recolle no artigo 20 do Decreto 155/2022 polo que se establece o currículo de Educación Primaria, na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por

presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe. O Departamento aportaranos axuda pedagóxica para dar esa resposta eficaz e acorde ás necesidades do alumnado, mediante a intervención directa ou o asesoramento e os recursos e materiais necesarios.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtiva na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

No 2º nivel do terceiro ciclo de Educación Primaria temos grande diversidade dentro da aula. Hai alumnos con NEE. No grupo de 6ºA existen nenos diagnosticados con TDAH, TDAH e DISLEXIA e con DISLEXIA e DISCAPACIDADE COGNITIVA (con ACI nas áreas troncais). Todos eles precisan apoio debido ás súas características para seguir o ritmo das sesións. No grupo tamén hai dous alumnos de ALTAS CAPACIDADES.

Con todos estes alumnos teranse en conta os protocolos pertinentes.

Durante o transcurso do ano académico, poden xurdir patoloxías temporais como (escordadura, fractura, cambra, distensión muscular ou articular, feridas, etc.) que impiden a realización de actividade física durante algunhas sesións. Durante este tempo o alumnado que as padeza realizará algunhas das seguintes tarefas de maneira escrita ou no portátil do centro:

- Recompilar información en internet, sobre a U.D. que se leva a cabo nese momento.
- Completar modelos de sesión coas actividades realizadas polos compañeiros/ás.
- Colaborar nos aspectos organizativos da sesión. Por exemplo: marcando ritmos, controlando tempos, levando conta dos tanteos.

Diversidade e concreción dos casos: En todos os casos o alumno terá que permanecer na instalación deportiva co calzado e material deportivo adecuado, salvo casos moi concretos, os cales estean xustificadas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión Lectora	X	X	X					
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X					
ET.3 - Educación emocional e en Valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre Homes e Mulleres	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación Vial						X		
ET.6 - Educación Ambiental			X	X		X		X
ET.7 - Educación Para a Saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.9 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito... e de calquera tipo de violencia.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
ET.1 - Comprensión Lectora		X		X		X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita		X		X		X
ET.3 - Educación emocional e en Valores	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre Homes e Mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación Vial						X
ET.6 - Educación Ambiental						X
ET.7 - Educación Para a Saúde	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito... e de calquera tipo de violencia.	X	X	X	X	X	X

Observacións:

A Educación Primaria, pretende proporcionar ao alumnado unha educación que lle permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar; desenvolver as habilidades sociais, a creatividade e a afectividade; lograr que adquiran os elementos básicos da cultura, e formalo para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigacións na vida como cidadáns. De ahí a necesidade da presenza dos temas transversais no currículo. Son contidos basicamente actitudinais, que inflúen no comportamento conductual do noso alumnado. Son valores importantes para o desenvolvemento integral e persoal dos alumnos/as.

Baseándonos na lei educativa actual de Ed. Primaria traballaremos os elementos transversais presentados a continuación:

-A comprensión lectora, a expresión oral e escrita.

-Calidade, equidade e inclusión educativa. Especial énfase no alumnado con diferentes ritmos de aprendizaxe.

-Promoverase o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero e o principio de igualdade de trato e non-discriminación por condición ou circunstancia persoal ou social.

- Prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social. Integraremos o respecto polos valores máis importantes da nosa sociedade.

-Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón de orientación sexual.

-Desenvolvemento do espírito emprendedor e iniciativa empresarial.

-Desenvolvemento sostible e medio ambiente. Propóranse actividades que axuden a coñecer, gozar, respectar e coidar o contorno.

-Educación vial. Promóvense accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario/a das vías.

-Educación para a saúde.

-Desenvolvemento da creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
O Magosto	Saída ao entorno natural do centro, onde coa excusa de celebrar a conmemoración do magosto realizaremos unha xornada multideporte na natureza.	X		
Piscina municipal	Asistencia a 11 sesións de natación na piscina municipal.	X		
Obradoiro Xogos Tradicionais	Xornada de presentación e goce de diversos xogos tradicionais como: Rá, Chave, Aro, Trompo, Mariola, Carreira de sacos...	X		X
Xogade	Participación no programa Xogade na modalidade de "Cross".	X		
Plan Proxecta: Nutriescolas	Participación no Plan Proxecta a través do programa Nutriescolas para que o alumnado adquira e consolide hábitos alimentarios adecuados.	X	X	X
Día da Paz	Realizarase unha xornada de xogos cooperativos.		X	
Saída á neve	Programarase unha posible saída á neve para iniciar ao alumnado nun novo deporte e que ao mesmo tempo valore o medio natural como contexto de práctica motriz.		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día Mundial do Medio Ambiente	Programa co cal pretendemos dende o centro inculcar hábitos de vida activa e saudable, buscando o incremento diario de actividade física que realiza o alumnado, tanto dentro como fóra do centro, e a medición do impacto que ten este incremento da carga de actividade física realizada na saúde dos escolares.			X

Observacións:

As actividades complementarias son aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan.

Ao longo do curso levaranse a cabo as actividades complementarias aprobadas na PXA quedando abertas a posibles actividades complementarias e extraescolares que xurdan ao longo do curso. Estas novas actividades serán aprobadas seguindo a normativa vixente.

Realizaranse actividades complementarias dentro do horario lectivo como obradoiros, talleres... organizadas polas dúas Anpas do Centro así como polos distintos organismos (Concello, Consellerías...).

Asistiremos a 11 sesións de natación na piscina municipal dentro do horario adaptado de Educación Física.

Participación nos programas Xogade e Nutriescolas do Plan Proxecta.

Programaranse posibles saídas relacionadas coa área de Educación Física (rutas de senderismo, excursión á neve) tendo en conta o principio de flexibilidade da programación así como o carácter aberto da mesma á modificación.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planificación: axeitada en número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado, significatividade no proceso de ensino-aprendizaxe, obxectivos ben definidos,...
Contidos: secuenciación, estruturación e organización dando unha visión xeral de cada tema (que teñen que aprender, que é importante, etc.).
Metodoloxía empregada
Metodoloxía: aberta e flexible; agrupamentos; métodos e estilos de aprendizaxe, adaptarda ás características do alumnado e as circunstancias que xordan durante a práctica educativa.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Materiais: foron atractivos, suficientes, accesibles para todo o alumnado,...
Medidas de atención á diversidade
Atención á diversidade: pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e respéctanse as súas características individuais.
Clima de traballo na aula
Alumnado: conseguíuse motivalo, espertar a súa curiosidade, participación activa,...

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Interdisciplinariade: Planificación da propia área de forma coordinada co resto do profesorado (xa sexa por nivel, ciclo, equipos educativos e profesorado de apoio).
Outros
Elementos Transversais: as sesións traballan implicitamente temas transversais (comprensión lectora; resolución de problemas; igualdade; educación ambiental, para a saúde, para a paz, cívica e moral,...)

Descrición:

Farase unha valoración do proceso para ir realizando axustes, se fose preciso. Trimestralmente usaranse indicadores de logro, para comprobar se o noso proceso docente está a seguir as directrices programadas e se é necesario facer modificacións no mesmo para mellorar a nosa actuación e conseguir unha maior coherencia co contexto educativo concreto no que a levamos a cabo, atendendo ás necesidades e intereses do alumnado.

Para a valoración dos indicadores de logro empregaremos instrumentos de avaliación como as escalas de observación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

As programacións didácticas deben incluír mecanismos de revisión, avaliación e modificación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

O/A mestre/a de Educación Física, polo tanto, ao remate do curso e unha vez revisados os resultados académicos, a avaliación docente e a avaliación do proceso de ensino - aprendizaxe, tomará as posibles medidas conducentes á mellora deses resultados realizando unha análise en profundidade da programación didáctica.

Estas propostas de mellora tamén serán recollidas na memoria final, así como os contidos que foi preciso engadir, eliminar ou modificar con respecto á programación prevista.

A programación é un documento co que guiarse día a día na realidade da aula. Continuamente hai que reflexionar sobre a súa adecuación a cada grupo-clase ou a cada alumno ou alumna e, se é necesario, modificala en función dos feedback recibidos e dos resultados obtidos.

Será revisada trimestralmente xunto ca avaliación do alumno/a, avaliación do docente e avaliación do ensino - aprendizaxe.

Aspectos susceptibles de analizar como parte da revisión, avaliación e modificación da programación didáctica:

- Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.
- Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas.
- O desenvolvemento da programación respondeu a secuenciación e temporalización previstas.
- Aplicación metodoloxía didáctica acordada.
- Adecuación da secuencia de traballo na aula.
- Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
- Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado.
- Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua
- Adecuación dos programas de apoio, recuperación.
- Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
- Grao de desenvolvemento das actividades extraescolares e complementarias previstas.
- Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre criterios de avaliación.
- Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
- Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
- Grao de integración das TICs no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15000612	CEIP de Arzúa	Arzúa	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua castelá e literatura	6º Pri.	4	140

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	11
4.1. Concrecións metodolóxicas	61
4.2. Materiais e recursos didácticos	62
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	62
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	63
6. Medidas de atención á diversidade	64
7.1. Concreción dos elementos transversais	65
7.2. Actividades complementarias	67
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	67
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	68
9. Outros apartados	68

Borrador

1. Introducción

Esta programación está deseñada para levar a cabo con 25 alumnos e alumnas de 6º nivel de Educación Primaria. O grupo está formado por alumnado con distintos ritmos e estilos de aprendizaxe. Este é o motivo polo que deseñamos unha programación aberta e flexible para que se adapte a cada un deles ou delas e á súa situación.

Este grupo de 6º E.P vai continuar co proxecto educativo E-Dixgal e isto vainos permitir que todo o grupo poida dispor dun ordenador para desenvolver o seu traballo tanto na escola como na súa casa.

O CEIP de Arzúa está situado na vila de Arzúa. O colexio conta con 15 aulas, 6 son de Infantil e 9 de Educación Primaria. Tamén conta cunha biblioteca.

Este centro educativo ten tamén varias aulas para necesidades específicas: unha aula de informática con ordenadores conectados a Internet, unha aula de música, unha aula de Inglés, un ximnasio, dous patios, unha sala de mestres...

As súas instalacións están compostas por varios edificios nos que se sitúan as aulas, a sala do profesorado, a biblioteca, a aula de audiovisuais, un ximnasio, o comedor, a aula de informática,... pistas deportivas e unha zona de xogos para educación infantil.

En canto ao profesorado se refire, ademais dos/as titores/as, contamos con especialistas de Inglés, Música, Relixión e Educación Física. Do mesmo xeito, para a atención ao Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo contamos co persoal especializado: unha orientadora, dúas especialistas en Audición e Linguaxe e dúas especialistas en Pedagogía Terapéutica así como unha coidadora.

A principal actividade económica das familias está vencellada á agricultura e gandería, atopándose nun nivel sociocultural medio. É de destacable relevancia o papel das mesmas, xa que participan de xeito activo nas actividades que se realizan no centro.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	¡A comer!	Ler e entender textos escritos de diferentes tipos. Saber utilizar un dicionario. Recoñecer os diferentes tipos de dicionarios. Recoñecer os textos literarios. Recoñecer os diferentes tipos de xéneros literarios. Identificar os elementos do acto comunicativo. Identificar os diferentes tipos de texto segundo a súa intención comunicativa. Coñecer e aplicar os usos dos signos de puntuación de peche. Localizar e corrixir erros no uso dos signos de puntuación mencionados. Recoñecer textos instrutivos. Redactar textos instrutivos. Utilizar as TIC e outras fontes de coñecemento para buscar e procesar a información.	8	11	X		
2	Yo desearía ...	Ler e entender textos escritos de diferentes tipos. Recoñecer sinónimos e antónimos. Empregar sinónimos e antónimos en textos propios. Coñecer que é un recurso literario.	8	11	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Yo desearía ...	Recoñecer a tipoloxía dos recursos literarios. Identificar a aliteración e a anáfora. Coñecer e valorar a realidade plurilingüe de España. Recoñecer e valorar a presenza do español no mundo. Recoñecer a importancia dos signos de puntuación. Coñecer os usos do punto e coma, dos dous puntos e os puntos suspensivos. Localizar e corrixir erros no uso dos signos de puntuación mencionados. Recoñecer textos instrutivos. Redactar textos instrutivos. Utilizar as TIC e outras fontes de coñecemento para buscar e procesar a información.	8	11	X		
3	El poder de las palabras.	Ler e entender textos escritos de diferentes tipos. Recoñecer palabras polisémicas e palabras homónimas. Empregar palabras polisémicas e palabras homónimas en textos propios. Coñecer que é un recurso literario. Recoñecer a tipoloxía dos recursos literarios. Identificar o epíteto e a antítese. Identificar substantivos e clasificalos. Comprender o concepto de xénero e número do substantivo. Coñecer as regras de formación do feminino e do plural dos substantivos. Recoñecer a importancia dos signos de puntuación. Coñecer os usos das parénteses y das comiñas. Localizar e corrixir erros no uso dos signos de puntuación mencionados. Recoñecer textos persuasivos. Redactar textos persuasivos. Coñecer as características dos anuncios. Utilizar as TIC e outras fontes de coñecemento para buscar e procesar a información.	8	11	X		
4	Las noticias vuelan.	Ler e entender textos escritos de diferentes tipos. Recoñecer o significado literal e o significado figurado dunha palabra. Empregar palabras con significado literal e con significado figurado en textos propios. Identificar os elementos da narración. Identificar a estrutura da narración. Identificar e analizar determinantes artigos, demostrativos, posesivos, numerais,	9	11	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Las noticias vuelan.	indefinidos, interrogativos e exclamativos. Identificar e analizar pronomes persoais, demostrativos e posesivos. Coñecer e aplicar as normas xerais de acentuación. Recoñecer textos informativos. Redactar textos informativos. Coñecer as características das noticias, os informes e os folletos. Utilizar as TIC e outras fontes de coñecemento para buscar e procesar a información.	9	11	X		
5	El valor de la ciencia.	Ler e entender textos escritos de diferentes tipos. Recoñecer o concepto de campo semántico. Recoñecer o concepto de familia de palabras. Aplicar os conceptos de campo semántico e de familia de palabras. Recoñecer as características dos mitos. Recoñecer as características das lendas. Recoñecer as características das fábulas. Redactar mitos, lendas e fábulas. Identificar e analizar os adxectivos. Identificar e analizar o xénero e o número dos adxectivos. Identificar e analizar os diferentes graos dos adxectivos. Coñecer e aplicar as normas de acentuación de ditongos e hiatos. Recoñecer textos literarios. Redactar textos literarios. Utilizar as TIC e outras fontes de coñecemento para buscar e procesar a información.	8	12		X	
6	Otras culturas.	Ler e entender textos escritos de diferentes tipos. Recoñecer o concepto de palabra tabú. Recoñecer o concepto de eufemismo. Aplicar os conceptos de palabra tabú e eufemismo. Recoñecer as características dos contos. Recoñecer as características das novelas. Aprender a redactar contos e novelas. Identificar e definir os verbos. Identificar e analizar as formas persoais do verbo. Identificar e analizar as desinencias do verbo: número, persoa, tempo e modo. Identificar e analizar as formas non persoais do verbo. Coñecer e aplicar as normas de acentuación dos monosílabos. Recoñecer textos narrativos.	8	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Otras culturas.	<p>Recoñecer e redactar diarios, biografías e memorias.</p> <p>Utilizar as TIC e outras fontes de coñecemento para buscar e procesar a información.</p>	8	12		X	
7	Sensibilidade a flor de piel.	<p>Ler e entender textos escritos de diferentes tipos.</p> <p>Recoñecer os conceptos de lexema e morfema.</p> <p>Recoñecer os conceptos de morfema flexivo e morfema derivativo.</p> <p>Recoñecer os conceptos de prefixo e sufixo.</p> <p>Aplicar os conceptos de morfema flexivo e morfema derivativo.</p> <p>Aplicar os conceptos de prefixo e sufixo.</p> <p>Recoñecer as características da lírica.</p> <p>Recoñecer e aplicar o cómputo métrico nun poema.</p> <p>Recoñecer os diferentes tipos de rima nun poema.</p> <p>Identificar e conxugar formas verbais de todos os tempos e modos.</p> <p>Identificar e conxugar formas verbais irregulares de todos os tempos e modos.</p> <p>Analizar formas verbais.</p> <p>Analizar formas verbais irregulares.</p> <p>Coñecer e aplicar as normas de acentuación das palabras interrogativas e exclamativas.</p> <p>Recoñecer textos descritivos.</p> <p>Recoñecer e redactar textos descritivos subxectivos.</p> <p>Utilizar as TIC e outras fontes de coñecemento para buscar e procesar a información.</p>	8	12		X	
8	Fantasia.	<p>Ler e entender textos escritos de diferentes tipos.</p> <p>Recoñecer o concepto de formación de palabras.</p> <p>Recoñecer e aplicar os conceptos de composición e derivación.</p> <p>Recoñecer e aplicar os conceptos de arte maior e arte menor na lírica.</p> <p>Recoñecer e aplicar o concepto de verso solto.</p> <p>Recoñecer o concepto de estrofa.</p> <p>Identificar e analizar os diferentes tipos de estrofas.</p> <p>Identificar e analizar os adverbios.</p> <p>Identificar e analizar as diferentes clases de adverbios.</p> <p>Identificar e analizar as diferentes clases de locucións adverbiais.</p> <p>Coñecer e aplicar as normas de acentuación de ditongos e hiatos.</p>	9	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Fantasia.	<p>Coñecer e aplicar as normas ortográficas do g e do j.</p> <p>Recoñecer e identificar diferentes tipos de textos argumentativos.</p> <p>Recoñecer a estrutura dos textos argumentativos escritos.</p> <p>Elaborar textos argumentativos escritos.</p> <p>Utilizar as TIC e outras fontes de coñecemento para buscar e procesar a información.</p>	9	12		X	
9	Placer por leer clásicos.	<p>Ler e entender textos escritos de diferentes tipos.</p> <p>Recoñecer o concepto de formación de palabras.</p> <p>Recoñecer os conceptos de sigla e abreviatura.</p> <p>Aplicar os conceptos de sigla e abreviatura.</p> <p>Recoñecer o concepto de lírica popular.</p> <p>Recoñecer o concepto de lírica culta.</p> <p>Identificar os diferentes textos da lírica popular.</p> <p>Identificar os diferentes textos da lírica culta.</p> <p>Recoñecer o concepto de palabra invariable.</p> <p>Identificar e analizar as diferentes clases de preposicións.</p> <p>Identificar e analizar as diferentes clases de conxuncións.</p> <p>Identificar e analizar as diferentes clases de interxeccións.</p> <p>Coñecer e aplicar as normas ortográficas do v e b.</p> <p>Recoñecer e identificar diferentes tipos de textos expositivos.</p> <p>Recoñecer a estrutura dos textos expositivos.</p> <p>Elaborar textos expositivos escritos e orais.</p> <p>Utilizar as TIC e outras fontes de coñecemento para buscar e procesar a información.</p>	8	12			X
10	Medio ambiente.	<p>Ler e entender textos escritos de diferentes tipos.</p> <p>Recoñecer o concepto de formación de palabras.</p> <p>Recoñecer os conceptos de neoloxismo e arcaísmo.</p> <p>Aplicar os conceptos de neoloxismo e arcaísmo.</p> <p>Recoñecer as características do xénero teatral.</p> <p>Recoñecer o concepto de texto dramático.</p> <p>Identificar os diferentes tipos de texto dramático.</p> <p>Recoñecer o concepto de representación</p>	8	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
10	Medio ambiente.	teatral. Identificar as diferentes partes dunha representación teatral. Recoñecer as diferentes clases de oracións segundo a súa intención comunicativa. Identificar e analizar as diferentes clases de oracións segundo a súa intención comunicativa. Elaborar diferentes clases de oracións segundo a súa intención comunicativa. Coñecer e aplicar as normas ortográficas do h. Recoñecer textos dialogados. Identificar os diferentes tipos de textos dialogados. Elaborar textos dialogados escritos e orais. Utilizar as TIC e outras fontes de coñecemento para buscar e procesar a información.	8	12			X
11	Sentido crítico.	Ler e entender textos escritos de diferentes tipos. Recoñecer o concepto de formación de palabras. Recoñecer o concepto de préstamo. Identificar os distintos tipos de préstamos segundo a súa lingua de orixe. Aplicar o concepto de préstamo. Recoñecer os diferentes tipos de estrutura dunha obra teatral. Identificar os diferentes tipos de estrutura dunha obra teatral. Recoñecer o concepto de predicado. Recoñecer os diferentes tipos de predicados. Identificar e analizar os diferentes tipos de predicados. Elaborar diferentes tipos de predicados. Coñecer e aplicar as normas ortográficas do s e do x. Recoñecer os conceptos de coherencia e cohesión. Identificar se un texto ten as propiedades de coherencia e cohesión. Elaborar textos que sigan as propiedades de coherencia e cohesión. Utilizar as TIC e outras fontes de coñecemento para buscar e procesar a información.	8	12			X
12	Sentido del humor.	Ler e entender textos escritos de diferentes tipos. Recoñecer o concepto de formación de palabras. Recoñecer os conceptos de coloquialismo e vulgarismo. Identificar os distintos tipos de	10	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
12	Sentido del humor.	coloquialismos e vulgarismos. Saber corrixir os distintos tipos de coloquialismos e vulgarismos. Identificar os dous grandes xéneros teatrais: a traxedia e a comedia. Recoñecer as características da traxedia e da comedia. Recoñecer o concepto de conector. Recoñecer os diferentes tipos de conectores. Elaborar textos con diferentes tipos de conectores. Coñecer e aplicar as normas ortográficas do ll e do y. Recoñecer os conceptos de subliñado, esquema e resumo. Coñecer as características propias do subliñado, esquema e resumo. Identificar os diferentes tipos de esquema. Elaborar textos segundo as normas do esquema e do resumo. Utilizar as TIC e outras fontes de coñecemento para buscar e procesar a información.	10	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	iA comer!	11

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais.	Comprende o sentido de textos orais e multimodais sinxelos.	PE	70
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplica os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	Identifica as distintas linguas empregadas na súa contorna.	TI	30
CA1.5 - Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.	Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa.		
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos	Produce textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional.	Participa en interaccións orais espontáneas ou reguladas.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeita os usos lingüísticos discriminatorios e os abusos de poder a través da palabra.		
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas e de experiencias de gozo de persoal.
- Lectura expresiva, dramatización o interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Análise da relación entre os elementos básicos da obra literaria (tema, protagonista, personaxes, trama, escenario) e a construción do sentido da obra.

Contidos

- Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados.
- Creación de textos literarios de maneira libre e con progresiva complexidade (léxico, estruturas, sentido estético) e a partir da apropiación e explotación dos modelos dados.
- Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa.
- Estratexias para a construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico a través da observación, transformación de enunciados (substitución, inserción, supresión, cambio de orde, manipulación), formulación e comprobación de hipóteses e contrastes con outras linguas.
- Estratexias para o establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais, prestando especial atención ao valor expresivo dos determinantes e ás relacións fundamentais entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple, a partir de metalinguaxe específica elemental.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais.
- Mecanismos léxicos elementais para adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados.
- Estratexias elementais para o uso autónomo de dicionarios, en distintos soportes.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario a través dos textos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Para alcanzar este obxectivo metodolóxico levaranse a cabo:

- Proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe.
 - Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais.
 - Faranse resumos, descrições, escribíranse contos, poesías, faremos a nivel de aula pequenas escenificacións de mímica, debates...
 - Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional.
 - As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.
 - Utilizaremos unha metodoloxía activa, participativa, lúdica, práctica e contextualizada, achegando ao alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas e na procura de información de diferentes fontes seguras e fiables.
 - Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas. Utilizaremos diferentes técnicas de aprendizaxe, e por outro, estruturas cooperativas que se desenvolverán en diferentes momentos das unidades didácticas para traballar os contidos.

Traballárase de xeito individual e tamén en pequeno e gran grupo dependendo das necesidades.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais
Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais
Recursos espaciais

Recursos persoais: Formado por todos os profesionais do centro educativo, profesorado titor, mestres especialistas e equipo de orientación. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar e nas familias.

Recursos materiais: Son a base para a aprendizaxe vivencial e a realización de proxectos. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), material de laboratorio, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta e fichas interactivas.

Recursos tecnolóxicos: ultraportátiles de alumando, portátil docente, PDI, proxector...

Recursos dixitais: entornos virtuais de aprendizaxe (EVA) cos recursos dipoñibles e elaborados, enciclopedias online, vídeos educativos, libros dixitais e liveworksheets.

Recursos espaciais: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o salón de actos, o patio de recreo e a aula de informática.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso. Esta avaliación realizarase mediante:

- Revisión dos informes do curso anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.
- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades de comprensión e expresión oral e escrita.
- Coñecemento personalizado do alumno e da súa situación educativa e emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a

elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	8	9	8	8	8	9	8	8
Proba escrita	70	70	70	69	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	31	30	30	30	30	30	30

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	10	100
Proba escrita	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación:

- 70% probas escritas.
- 30% táboas de indicadores.

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

- Valoración dos contidos e competencias desenvolvidos (probas orais e escritas): 70%.

- Realización do traballo na clase 20% (realización axeitada do traballo tanto no caderno como co ordenador, organización dos materiais e presentación do caderno e doutros traballos), Realización do traballo diario na casa 5%(rematar

tarefas, estudar e/ou traballo específico) e Valoración de actitudes na aula 5% (Escoita, respecto, esforzo, participación e colaboración): 30%.

Criterios de recuperación:

Os programas de reforzo (para aquel alumnado que non acade os obxectivos ou mesmo para o que presente dificultades na comprensión dos mesmos) faranse segundo sexan as necesidades, a través de novas explicacións, actividades de reforzo escrito, actividades online.... Na medida do posible intentarase adaptar as actividades ás características do alumnado. Por exemplo, se o alumno ou alumna non é quen de superar un exercicio escrito ou unha proba escrita, substituirase por unha de tipo oral.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade e no contexto dun proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado estableceranse medidas de reforzo educativo.

Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo. Tendo en consideración a diversidade do alumnado, atenderase ás medidas de apoio e reforzo necesarias, levándose a cabo con adaptación de actividades, de contidos e obxectivos.

Para que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade ou altas capacidades intelectuais, dislexia ou por condicións de historia escolar, poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e as competencias da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu progreso adecuado, de conformidade co disposto na lexislación vixente. Estas levaranse a cabo dende o departamento de orientación e coa colaboración da titora do alumno/a.

A atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexerase polos principios de normalización e inclusión e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e permanencia no sistema educativo. A identificación e a valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizarase da forma máis temperá posible, nos termos que determine a consellería competente en materia de educación, adoptándose as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención.

Unha vez realizadas as avaliacións iniciais e despois de coñecer ao alumnado, levaranse a cabo aquelas medidas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, resumos, etc.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e as circunstancias familiares como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e ...	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X
ET.3 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción tutorial e á educación emocional e en valores.	X	X	X	X
ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X	X
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e ...	X	X	X	X
ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X

Observacións:

A área de Lingua Castelá e Literatura integra todas as áreas do coñecemento e da relación social, xa que é vehículo de comunicación. Os elementos transversais impregnan a práctica totalidade das unidades didácticas. Toda a acción educativa nesta área seguirá estes principios de igualdade, resolución dialogada de conflitos, xestión positiva das emocións, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades complementarias e extraescolares.	Participarase en todas aquelas actividades que se organicen ao longo do curso.	X	X	X

Observacións:

En canto ás actividades complementarias e extraescolares, traballaranse todas aquelas conmemoracións oficiais establecidas na Orde do 3 de maio do 2023 (calendario escolar para o curso 2023/24). Ademais, participaremos naquelas actividades complementarias que se recollan na PXA do centro como poden ser o Magosto, o Nadal, o Entroido, etc. Todas estas actividades traballaranse tendo en conta o tema central do colexio. No que se refire ás saídas, tal e como se acordou a nivel centro, faranse aquelas que considere o profesorado, dentro ou fóra da localidade. Están pendentes de concretar os lugares e as datas pero intentarase organizar unha saída por trimestre.

O Equipo Directivo e a coordinadora de Actividades extraescolares e complementarias terán sempre coñecemento das saídas que se realicen.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Hai coherencia entre o que se programou e o desenvolvemento das clases.
Grao de seguimento dos alumnos.
Os criterios para a avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e contidos.
Metodoloxía empregada
O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.
A metodoloxía utilizada fomentou a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.
As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.
Medidas de atención á diversidade
Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.
Clima de traballo na aula
Aumento da resolución pacífica de conflitos segundo avanza o curso.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación danse a coñecer ao alumnado e familias.
Outros
Porcentaxe de alumnado que supera cada un dos diferentes instrumentos de avaliación empregados. Polo menos o 65% do alumnado supera cada un dos tipos de instrumentos de avaliación empregados.

Descrición:

Observación: Estes indicadores valoraranse do 1 ao 5, dándose como positivos cando a súa puntuación sexa superior a 3 puntos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Valorarase, trimestralmente, a temporalización prevista na programación. No caso de non cumprir esta temporalización, analizaremos as posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadar a temporalización prevista na seguinte avaliación ou, se estamos na última avaliación, para incluír as modificacións necesarias na programación do vindeiro curso.

Dentro das razóns reais que deberemos analizar para saber o porqué non somos capaces de manter atemporalización prevista, son, entre outros, os seguintes:

- Número e duración das actividades propostas.
- Nivel de dificultade das actividades propostas.
- Interese e motivación do alumnado.
- Tipo de actividades propostas.
- Existencia de efemérides.
- Medidas de atención á diversidade previstas.
- Participación en programas externos.
- Metodoloxía que se aplica.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15000612	CEIP de Arzúa	Arzúa	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	6º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	79
4.2. Materiais e recursos didácticos	80
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	81
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	82
6. Medidas de atención á diversidade	83
7.1. Concreción dos elementos transversais	85
7.2. Actividades complementarias	87
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	87
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	88
9. Outros apartados	89

1. Introducción

Esta programación está deseñada para levar a cabo con 25 alumnos e alumnas de 6º nivel de Educación Primaria.

O grupo está formado por alumnado con distintos ritmos e estilos de aprendizaxe. Este é o motivo polo que deseñamos unha programación aberta e flexible para que se adapte a cada un deles ou delas e á súa situación.

Este grupo de 6º E.P vai continuar co proxecto educativo E-Dixgal e isto vainos permitir que todo o grupo poida dispor dun ordenador para desenvolver o seu traballo tanto na escola como na súa casa.

O CEIP de Arzúa está situado na vila de Arzúa. O colexio conta con 15 aulas, 6 son de Infantil e 9 de Educación Primaria. Tamén conta cunha biblioteca. Este centro educativo ten tamén varias aulas para necesidades específicas: unha aula de informática con ordenadores conectados a Internet, unha aula de música, unha aula de Inglés, un ximnasio, dous patios, unha sala de mestres...

As súas instalacións están compostas por varios edificios nos que se sitúan as aulas, a sala do profesorado, a biblioteca, a aula de audiovisuais, un ximnasio, o comedor, a aula de informática,... pistas deportivas e unha zona de xogos para educación infantil.

En canto ao profesorado se refire, ademais dos/as titores/as, contamos con especialistas de Inglés, Música, Relixión e Educación Física. Do mesmo xeito, para a atención ao Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo contamos co persoal especializado: unha orientadora, dúas especialistas en Audición e Linguaxe e dúas

especialistas en Pedagogía Terapéutica así como unha coidadora. A principal actividade económica das familias está vencellada á agricultura e gandería, atopándose nun nivel sociocultural medio. É de destacable relevancia o papel das mesmas, xa que

participan de xeito activo nas actividades que se realizan no centro.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Como montar en bicicleta!	Aproximar o uso do dicionario como elemento imprescindible de consulta. Diferenciar pola súa intencionalidade entre texto literario e non literario. Identificar a sílaba, se é tónica ou átona e a súa correspondente clasificación en grave, aguda e esdrúxula. Coñecer os elementos que interveñen no proceso comunicativo ampliando nocións adquiridas no curso pasado.	8	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Como montar en bicicleta!	<p>Descibir as características que definen as persoas. Ser capaces de facer unha biografía.</p>	8	12	X		
2	A ponte dos Suspiros.	<p>Promover o enriquecemento do léxico, por parte do alumno, coa incorporación de vocabulario novo e aumentar a súa riqueza expresiva mediante o traballo con sinónimos e antónimos. Clasificar os textos segundo o xénero literario ao que pertencen: poesía, teatro ou narrativa. Identificar un substantivo e saber que características ten, se é concreto, abstracto, común, propio, individual, colectivo... alén de analizar a súa flexión de xénero e número. Coñecer as regras básicas de acentuación para clasificar as palabras. Incentivar a aproximación á poesía a través do recitado, procurando que o alumnado lle perda o medo, por mor do seu descoñecemento. Propoñer un obradoiro de poesía para poder construíla.</p>	8	12	X		
3	Crinas ao vento.	<p>Distinguir as palabras polisémicas. Establecer as primeiras nocións de métrica e do concepto de sinalefa. Coñecer as distintas clases de determinantes. Aplicar as regras de acentuación nos ditongos e nos hiatos. Fomentar a descrición investigando un crime. Comprender como se fan as enquisas.</p>	8	12	X		
4	Rimar sen parar.	<p>Adquirir a capacidade de identificar as palabras homónimas. Profundar na métrica e saber que clase de rima teñen os versos. Coñecer os adxectivos e o seu grao. Aplicar axeitadamente as regras de acentuación nas palabras con acento diacrítico. Saber interpretar as normas dun xogo e atreverse a xogar. Redactar, con adecuación e coherencia, un correo electrónico.</p>	8	12	X		
5	Terror na cociña!	<p>Ser capaces de identificar as palabras primitivas e derivadas. Saber que tipos de poemas hai, así como as principais figuras literarias. Coñecer os pronomes persoais tónicos e átonos. Coñecer cales son os signos de puntuación e o seu uso.</p>	8	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Terror na cociña!	Recomendar unha película, un libro ou unha obra teatral. Entrevistar alguén e transcribir a entrevista.	8	12		X	
6	Un océano de aventuras.	Identificar e distinguir as palabras simples e as compostas. Coñecer a utilidade dos comentarios de texto. Coñecer cales son os adverbios e as preposicións. Manexar o repertorio de contraccións e empregalas axeitadamente. Aprender a contar unha experiencia persoal, respectando as propiedades textuais. Dominar as ferramentas básicas para crear un poema.	8	12		X	
7	Quero que veñan meus pais!	Identificar as familias de palabras, recoñecendo os seus trazos básicos. Aprender as características propias da narración e as diferenzas entre conto e relato curto. Recoñecer os morfemas flexivos, de número e persoa, dos verbos. Coñecer cales son as palabras que levan b e levan v. Locutar un anuncio de radio. Facer publicidade dun oficio.	8	12		X	
8	Rúas de choiva.	Ser capaces de identificar sufixos e prefixos. Saber que son os elementos da narración e a novela. Saber cal é o modo e o tempo dos verbos. Coñecer cales son as palabras que levan h, c, z e qu. Saber expresar desexos. Narrar experiencias en primeira e en terceira persoa.	8	12		X	
9	No centro do mar.	Ser capaces de identificar as palabras que forman parte dun campo semántico. Saber que son as partes da narración, a fabula, a lenda e o mito. Saber cales son os tempos verbais e os verbos regulares e irregulares. Coñecer cales son as palabras que levan s e x. Contar unha lenda. Facer unha recensión dun libro.	9	11			X
10	Os perigos da illa.	Saber como se forma o substantivo. Saber que son os recursos literarios. Saber que é unha hipóbole e que é unha personificación. Saber que é texto, enunciado, frase e oración.	9	11			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
10	Os perigos da illa.	Coñecer cales son as palabras que levan g, gu e gü. Recomendar e suxerir. Facer caligramas.	9	11			X
11	A representar!	Saber como se forma o adxectivo. Coñecer que é o teatro, as anotacións e a escena. Saber que é a oración e as partes da oración. Coñecer cales son as palabras que levan i e ll. Locutar un anuncio de radio. Facer un acróstico.	9	11			X
12	Acaba a función.	Saber como se forma o verbo. Profundar no teatro e coñecer a Comedia, o drama e a traxedia. Saber como se fai a análise sintáctica. Coñecer cales son as palabras que levan za, zo, cio e cia. Representar. Escribir unha carta ao director.	9	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Como montar en bicicleta!	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.	Produce textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída.	PE	70
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos en lingua galega, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Comprende distintos tipos de textos en lingua galega.		
CA3.4 - Analizar, de maneira autónoma o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	Analiza, de maneira autónoma o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e adecuados de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Produce textos escritos e multimodais coherentes e adecuados de relativa complexidade, en distintos soportes.		
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante.	Elabora textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes.		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, participando en comunidades lectoras no ámbito escolar ou social.	Comparte a experiencia de lectura, en soportes diversos.		
CA5.7 - Producir, de maneira autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Produce, de maneira autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria.		
CA5.9 - Coñecer os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral, establecendo diferenzas entre eles e o seu uso: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas.	Coñece os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Produce en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenciais co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplica os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía.		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Sistematiza a adquisición de vocabulario a través dos textos.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.	Mostra interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos.		
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	Identifica as distintas linguas empregadas na súa contorna.	TI	30
CA1.5 - Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e idiomáticas, e coa perspectiva de xénero.	Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e idiomáticas, e coa perspectiva de xénero.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.	Comprende o sentido de textos orais e multimodais sinxelos.		
CA2.2 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar, interpretar e un vocabulario adecuado ao nivel.	Utiliza de xeito efectivo a linguaxe oral.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso.	Participa en interaccións orais espontáneas ou reguladas de cortesía lingüística e de cooperación conversacional.		
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir das experiencias e interaccións orais próximas.	Exprésase oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.		
CA2.6 - Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas.	Valora os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos, propondo solucións creativas.	Mobiliza estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada.		
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión de textos de diversa índole en lingua galega, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Utiliza estratexias para a comprensión de textos de diversa índole en lingua galega.		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.	Adquire a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.		
CA3.8 - Utilizar as bibliotecas da aula e do centro e as virtuais, cada vez con máis autonomía, comprendendo como se organizan e colaborando no seu coidado e mellora e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia, tanto física como virtual, con textos variados da literatura galega.	Utiliza as bibliotecas da aula e do centro e as virtuais, cada vez con máis autonomía.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Acada as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca para localizar un libro determinado con seguridade e autonomía, aplicando as normas de funcionamento desta.	Utiliza a biblioteca para localizar un libro determinado con seguridade e autonomía.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da Información e da comunicación para a procura e tratamento da información de modo eficiente e responsable.	Adopta hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da Información e da comunicación para a procura e tratamento da información de modo eficiente e responsable.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Ler de maneira autónoma textos de diversas fontes, autores e autoras da literatura galega, compartindo a experiencia da lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e participando en comunidades lectoras no ámbito escolar.	Le de maneira autónoma textos de diversas fontes, autores e autoras da literatura galega.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Comparte oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses, facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada para fomentar o gusto pola lectura e avanzar na construción da súa identidade lectora.	Le de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios en calquera lingua e a literatura en xeral, e especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal, utilizando a lectura como fonte de lecer, información e coñecemento cultural.	Valora os textos literarios en calquera lingua e a literatura en xeral, e especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.		
CA5.4 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, como escenario de actividades literarias compartidas.	Utiliza, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, como escenario de actividades literarias compartidas.		
CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.	Incorpora a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.		
CA5.6 - escoitar e ler textos literarios adecuados á súa idade, que recollan diversidade de autores e autoras, especialmente da literatura galega, relacionándoos en función dos temas e de aspectos elementais de cada xénero literario, e interpretándoos, valorándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas ou culturais de maneira progresivamente autónoma.	Escoita e le textos literarios adecuados á súa idade, que recollan diversidade de autores e autoras, especialmente da literatura galega.		
CA5.8 - Recoñecer e interpretar algúns recursos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros.	Recoñece e interpreta algúns recursos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros.		
CA6.3 - Establecer xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua galega de maneira progresivamente autónoma, formulando hipótese e buscando contraexemplos, a partir da observación, comparación e transformación de palabras, enunciados e textos, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Establece xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua galega de maneira progresivamente autónoma.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía básica adecuada.	Revisa e mellora os textos propios e alleos e emenda algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.5 - Mellorar os textos propios e alleos na súa comprensión mediante o uso autónomo de dicionarios impresos ou dixitais.	Mellora os textos propios e alleos na súa comprensión mediante o uso autónomo de dicionarios impresos ou dixitais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica e cultural. - Consideración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Contexto <ul style="list-style-type: none"> - Incidencia dos compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle e realidade bilingüe) na comunicación oral. - Xéneros discursivos <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos. - Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución de textos orais en lingua galega. - Procesos: interacción oral <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos e a realización de inferencias para superar o seu sentido literal. - Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados, con respecto ás estratexias de cortesía lingüística, evitando interferencias derivadas do bilingüismo. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. - Procesos: comprensión oral <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais. <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de identificación e interpretación e do sentido global, da información relevante e da integración da información explícita e a realización de inferencias para superar o sentido literal de textos sociais orais e multimodais. - Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet... - Procesos: produción oral <ul style="list-style-type: none"> - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos. - Xéneros discursivos <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos.

Contidos

- Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura individual de textos literarios e non literarios con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de recursos lingüísticos diversos, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión de textos.
- Valoración da lectura, en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade.
- Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais complexos, con distintos propósitos comunicativos.
- Aplicación das normas ortográficas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social.
- Estratexias de comparación, clasificación e valoración crítica da información.
- Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Estratexias de elaboración de contidos a partir de información obtida noutros textos coas convencións formais elementais.
- Síntese e reelaboración de coñecementos de forma progresivamente autónoma e con apoio de modelos.
- Utilización autónoma da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen identidade lectora.
- Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar.
- Lectura autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura galega adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores, iniciándose na súa análise.
- Progreso na construción da identidade lectora en textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras.
- Interpretación autónoma e compartida das obras literarias en lingua galega a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar e social.
- Valoración dos textos literarios e da literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas e de experiencias de gozo de persoal.
- Lectura expresiva, dramatización o interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Análise acompañada da relación entre os elementos básicos da obra literaria (tema, protagonista, personaxes, trama, escenario) e a construción progresivamente autónoma do sentido da obra.
- Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais do contorno galego.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados. - Creación de textos literarios de maneira libre, en galego e con progresiva complexidade (léxico, estruturas, sentido estético) e a partir da apropiación e explotación dos modelos dados. - Identificación de recursos literarios. - Recoñecemento e elaboración guiada de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade. Distinción entre os diferentes subxéneros. Coñecemento de lendas galegas, españolas e doutros países. - Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais. - Mecanismos léxicos elementais para a adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados. - Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación. - Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.

UD	Título da UD	Duración
2	A ponte dos Suspiros.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	Identifica as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	PE	70
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.	Comprende o sentido de textos orais e multimodais sinxelos.		
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.	Produce textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando e comprendendo o sentido global e a información relevante, e realizando inferencias directas de maneira acompañada a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura, superando a interpretación literal.	Le de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos.		
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos en lingua galega, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Comprende distintos tipos de textos en lingua galega.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e adecuados de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Produce textos escritos e multimodais coherentes e adecuados de relativa complexidade, en distintos soportes.		
- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións
- Exploración individual e en equipo de propiedades de figuras xeométricas de dúas e tres dimensións mediante materiais manipulables como cuadrículas, xeoplanos, policubos, bloques xeométricos, organicubos, katamino, crebacabezas xeométricos, tangram e o manexo de ferramentas dixitais de xeometría dinámica, realidade aumentada e robótica educativa para a procura de regularidades, comparación e clasificación con criterios sinxelos e explicación do proceso.
- Localización e sistemas de representación
- Interpretación e descrición co uso de vocabulario adecuado das direccións e da posición relativa en planos e mapas a partir de puntos de referencia (incluídos os puntos cardinais), cálculo de distancias e escalas en soportes físicos e virtuais.
- Descrición de posicións e movementos no primeiro cuadrante do sistema de coordenadas cartesiano a través de xogos e retos (gráficos, robótica educativa), identificando utilidades habituais.
- Patróns
- Estratexias para a identificación, descrición verbal, representación en táboas e gráficos, notacións inventadas, predición razoada e creación individual e en equipo de termos a partir das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes, con anticipación ou extensión da secuencia.
- Creación de patróns recorrentes a partir de regularidades ou doutros patróns con números, figuras ou imaxes.
- Modelo matemático
- Resolución de problemas da vida cotiá seguindo un modelo matemático con debuxos, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións, guión de preguntas para a interpretación do enunciado, recoñecemento de datos útiles, elaboración e contraste de hipótese, procura do plan de acción, perseveranza na solución, simbolización e realización dos cálculos, comprobación de solucións, expresión clara e correcta do resultado, revisión da súa idoneidade, rectificación se é necesaria e explicación do realizado.

Contidos

- Relacións e funcións
- Comparación de números, operacións e as súas propiedades con explicación das relacións de igualdade e desigualdade no contexto cotián e uso adecuado da simboloxía ($=$, $?$, $>$,
- Obtención de datos sinxelos descoñecidos representados por medio dun símbolo ou compleción de datos en relacións de igualdade en xogos e retos matemáticos, con persistencia na obtención, contraste e comprobación de que o dato obtido é correcto.
- Pensamento computacional
- Estratexias para a interpretación, modificación e creación de algoritmos sinxelos relacionados co contexto cotián e o xogo nas regras de xogos, instrucións secuenciadas, instrucións aniñadas e condicionais, bucles, patróns repetitivos, representacións computacionais, programación por bloques, robótica educativa
- Organización e análise de datos
- Estratexias para a realización dun estudo estatístico sinxelo: formulación de preguntas, e recollida, rexistro e organización de datos cualitativos e cuantitativos procedentes de diferentes experimentos a través de enquisas, medicións, observacións, de maneira individual ou en equipo, para aplicar en situacións contextualizadas.
- Extracción, interpretación e explicación de información a través da lectura, descrición e análise crítico de gráficos estatísticos con pictogramas, diagramas de barras ou histogramas e de táboas de frecuencias absolutas e relativas; uso desa información na resolución de problemas.
- Formulación en equipo de problemas relacionados co contexto próximo nos que interveña a lectura, a interpretación ou a representación de gráficas e táboas de datos.
- Representación de datos en gráficas sinxelas (diagrama de barras, sectores, poligonais e histograma), con recursos tradicionais e tecnolóxicos, e elección do máis adecuado á situación.
- Interpretación, cálculo e aplicación da media e da moda nun rexistro estatístico ou táboas de datos en contextos cotiáns.
- Cálculo e interpretación de medidas de dispersión (rango) para comprender a variabilidade dos datos nun rexistro estatístico.
- Organización de información estatística sinxela e elaboración de diferentes visualizacións dos datos con uso da calculadora e outros recursos dixitais, como a folla de cálculo.
- Relación e comparación de dous conxuntos de datos a partir da súa representación gráfica: formulación de conxecturas, análises da dispersión, obtención de conclusións e exposición das mesmas.
- Incerteza
- Cuantificación e estimación subxectiva e mediante a comprobación da estabilización das frecuencias relativas en experimentos aleatorios repetitivos, previa identificación da incerteza en situacións da vida cotiá.
- Aplicación de técnicas básicas do cálculo para o cálculo de probabilidades en experimentos, comparacións ou investigacións nos que sexa aplicable a regra de Laplace.
- Valoración da contribución de homes e mulleres ao desenvolvemento da probabilidade e da estatística e destas ao desenvolvemento humano.
- Inferencia
- Identificación dun conxunto de datos como mostra dun conxunto máis grande e reflexión sobre a poboación á que é posible aplicar as conclusións de investigacións estatísticas sinxelas relacionadas co cotián.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Autorregulación das emocións que poidan facilitar ou prexudicar a aprendizaxe das matemáticas.
- Recursos e estratexias para autorregular as emocións implicadas na frustración ante tarefas matemáticas, valoración do erro como oportunidade de aprendizaxe, fixación de metas e obxectivos realistas e alcanzables, autocontrol e adestramento positivo.
- O reforzo verbal, fomento da participación, gradación das dificultades e identificación de fortalezas como

Contidos

- estratexias para desenvolver un autoconceito positivo ante as matemáticas desde unha perspectiva de xénero.
- Estratexias para desenvolver a autoestima como medio para superar dificultades, confiar nas súas posibilidades, perseverar nas solucións e afrontar os retos matemáticos con seguridade.
- Realización de investigacións matemáticas individuais ou en equipo para fomentar a curiosidade, o interese, a iniciativa na súa aprendizaxe, a organización de ideas, o tratamento da información e a formulación e comprobación de conxecturas.
- Os xogos matemáticos individuais en formatos dixital e físico como adestramento da perseveranza, a confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Os enigmas, desafíos, procura de pistas, xeroglíficos, xogos de codificación e decodificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, o descubrimento, a curiosidade e gusto polas matemáticas.
- Estratexias persoais para a presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar, adaptar ou cambiar o sistema utilizado, rectificar o proceso ou algunha das súas fases e compartir comprensiblemente o realizado.
- Fomento da autonomía e aplicación de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: valoración de alternativas, desenvolvemento da flexibilidade cognitiva, estimulación do razoamento, valoración do erro como oportunidade de aprendizaxe e reforzo dos logros.
- Traballo en equipo, inclusión, respecto e diversidade
- Expresión de actitudes empáticas inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas en equipo, mostrando actitudes de comprensión das emocións e experiencias das demais persoas e de sensibilidade e aceptación da diversidade presente na aula.
- Os equipos colaborativos e cooperativos heteroxéneos, mixtos e diversos para clarificar tarefas, titorizarse, debater e argumentar propostas, chegar a acordos, revisar e analizar producións: escoita e participación activa e empática, responsabilidade e esixibilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo, habilidades sociais: estratexias e dinámicas cooperativas.
- Estratexias de planificación, control e organización do traballo en equipo para xestionar o tempo, a realización das tarefas, o establecemento de obxectivos de equipo, a repartición equitativa e rotatorio de roles en interacción simultánea, a autoavaliación do funcionamento do equipo e a xestión de conflitos.
- Investigación individual e en equipo sobre a contribución da análise de datos, a xeometría, a numeración, o cálculo e a probabilidade aos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.
- Recoñecemento das contribucións de matemáticas e matemáticos a diversos ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Para alcanzar este obxectivo metodolóxico, levarase a cabo:

- A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe.
 - Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais.
 - Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional.
 - As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.
 - Utilizaremos unha metodoloxía activa, participativa, lúdica, práctica e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas e na procura de información de diferentes fontes

seguras e fiables.

- Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas. Utilizaremos diferentes técnicas de aprendizaxe, e por outro, estruturas cooperativas que se desenvolverán en diferentes momentos das unidades didácticas para traballar os contidos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais
Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais
Recursos espaciais

RECURSOS PERSOAIS: Formado por todos os profesionais do centro educativo, profesorado titor, mestres especialistas e equipo de orientación. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar e nas familias.

RECURSOS MATERIAIS: Son a base para a aprendizaxe vivencial e a realización de proxectos. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), material de laboratorio, maquetas, láminas de apoio visual, libros de consulta e fichas interactivas.

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ultraportátiles de alumando, portátil docente, PDI, proxector...

RECURSOS DIXITAIS: entornos virtuais de aprendizaxe (EVA) cos recursos dipoñibles e elaborados, enciclopedias online, vídeos educativos, libros dixitais e liveworksheets.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o salón de actos, o patio de recreo e a aula de informática.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso. Esta avaliación realizarase mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.

- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades de lóxica, operacións con números naturais (sumas, restas, multiplicacións e divisións), resolución de problemas da vida cotiá e outros conceptos matemáticos.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	9	9	9	9	8	8	8	8	8	8
Proba escrita	67	67	67	67	67	67	67	67	67	67
Táboa de indicadores	33	33	33	33	33	33	33	33	33	33

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	100
Proba escrita	70	67	67
Táboa de indicadores	30	33	33

Cráterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación:

- 70% probas escritas.
- 30% táboas de indicadores.

A avaliación será continua, presente en todos os aspectos e momentos do proceso de ensino-aprendizaxe. As probas escritas poderán realizarse cada un ou dúas unidades dependendo das dificultades coas que nos atopemos.

Teranse en conta as tarefas encomendadas: traballo diario no caderno, traballo online no EVA, fichas interactivas...ou outras que se consideren.

Trimestralmente haberá unha sesión de avaliación con todo o profesorado que imparte clase ao grupo, un membro do equipo directivo e do departamento de Orientación se é o caso. Nela valoraranse as aprendizaxes acadadas por cada alumno e alumna, o grao de desenvolvemento das competencias básicas e, se fose necesario, as medidas adoptadas ou que se deben adoptar.

A nota trimestral, no tocante no que ás UD se refire é a seguinte:

1º TRIMESTRE: UD 1 (25%), UD 2 (25%), UD 3 (25%), UD 4 (25%).

2º TRIMESTRE: UD 5 (25%), UD 6 (25%), UD 7 (25%), UD 8 (25%).

3º TRIMESTRE: UD 9 (25%), UD 10 (25%), UD 11 (25%), UD 12 (25%).

Deste xeito, o 70% dos CA da presente PD serán avaliados por probas escritas. O 30% restante, por diferentes táboas de indicadores, fundamentalmente escalas de valoración/rúbricas para corrección de traballos, por un lado, e rexistro das puramente de observación, polo outro. Este 40% queda distribuído do seguinte xeito:

- O traballo no caderno e actividades na plataforma EVA e outras fichas interactivas (liveworksheets), 20%: con respecto ao caderno, valorarase a súa presentación e organización tal e como se indicou ao principio do curso (marxes, data, numeración de exercicios, limpeza); a realización das actividades e tarefas; a realización dos exercicios propostos e a súa correcta corrección, se é o caso (sempre, case sempre, ás veces). Na plataforma EVA e liveworksheets valorarase a realización das actividades propostas no período indicado e a súa repetición o número de veces permitido, 3, cando os resultados non sexan os correctos.

- O traballo diario de casa (remate de tarefas, estudo e/ou traballo específico) 5%: valorarase a realización no período indicado, a súa presentación e organización e o estudo.

- A actitude e os hábitos de convivencia 5%: valorarase a consideración polos/as compañeiros/as e polo profesorado (escoita activa, respecto de quendas, escoitar outras intervencións, a utilización dunha linguaxe respectuosa e inclusiva nas conversas cos demais, a participación activa na clase, preguntando todas as dúbidas e achegando ideas e opinións xustificadas, con criterio e respecto, o aproveitamento do tempo na aula.

A nota da Avaliación Final de Matemáticas será igual ou superior á da 3ª avaliación. Cando a cualificación obtida, tanto na trimestral como na final, sexa un resultado con decimais, por defecto, aplicarase o seguinte:

- Se o decimal está entre 0 e 49, o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.
- Se o decimal está entre 50 e 99, o número da nota enteira redondearase á o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente da materia e/ou do conxunto de docentes convocados ás sesión de avaliación se argumentase a conveniencia, tendo en conta a progresión do alumno/a, de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

Para aquel alumnado que non consiga acadar os obxectivos e/ou presente dificultades na comprensión dos mesmos faranse programas de reforzo. Para iso daranse novas explicacións, levaranse a cabo actividades de reforzo escrito, actividades online....

Na medida do posible intentarase adaptar as actividades ás características específicas do alumnado.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade e no contexto dun proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado estableceranse medidas de reforzo educativo.

Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo. Tendo en consideración a diversidade do alumnado, atenderase ás medidas de apoio e reforzo necesarias, levándose a cabo con adaptación de actividades, de contidos e obxectivos.

Para que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade ou altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e as competencias da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu progreso adecuado, de conformidade co disposto na lexislación vixente. Estas levaranse a cabo dende o departamento de orientación e coa colaboración da titora do alumno/a.

A atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexerase polos principios de normalización e inclusión e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e permanencia no sistema educativo.

A identificación e a valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizarase da forma máis temperá posible, nos termos que determine a consellería competente en materia de educación, adoptándose as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención.

Unha vez realizadas as avaliacións iniciais e despois de coñecer ao alumnado, levaranse a cabo aquelas medidas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, resumos, etc.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e as circunstancias familiares como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción tutorial e á educación en valores. ción emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X
ET.3 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación en valores. ción emocional e en valores	X	X	X	X
ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X	X
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X	X	X	X
ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X

Observacións:

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.	Participarase en todas aquelas actividades que se organicen ao longo do curso.	X	X	X

Observacións:

En canto ás actividades complementarias e extraescolares, traballaranse todas aquelas conmemoracións oficiais establecidas na Orde do 3 de maio do 2023 (calendario escolar para o curso 2023/24). Ademais, participaremos naquelas actividades complementarias que se recollan na PXA do centro como poden ser o Magosto, o Nadal, o Entroido, etc. Todas estas actividades traballaranse tendo en conta o tema central do colexio "Unha ventá aberta ao mundo".

No que se refire ás saídas, tal e como se acordou a nivel centro, faranse aquelas que considere o profesorado, dentro ou fóra da localidade. Están pendentes de concretar os lugares e as datas pero intentarase organizar unha saída por trimestre.

O Equipo Directivo e a coordinadora de Actividades extraescolares e complementarias terán sempre coñecemento das saídas que se realicen.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Hai coherencia entre o que se programou e o desenvolvemento das clases.
Grao de seguimento dos alumnos.
Os criterios para a avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e contidos.
Metodoloxía empregada
O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.
A metodoloxía utilizada fomentou a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.
As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.
Medidas de atención á diversidade
Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.
Clima de traballo na aula
Aumento da resolución pacífica de conflitos segundo avanza o curso.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais.
Outros
Porcentaxe de alumnado que supera cada un dos diferentes instrumentos de avaliación empregados. Polo menos o 65% do alumnado supera cada un dos tipos de instrumentos de avaliación empregados.

Descrición:

Naqueles indicadores nos que se emprega a escala de 1 a 4, no que o 1 será o valor mínimo e o 4 será o valor máximo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Valorarase, trimestralmente, a temporalización prevista na programación. No caso de non cumprir esta temporalización, analizaremos as posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadar a temporalización prevista na seguinte avaliación ou, se estamos na última avaliación, para incluír as modificacións necesarias na programación do vindeiro curso.

Dentro das razóns reais que deberemos analizar para saber o porqué non somos capaces de manter a temporalización prevista, son, entre outros, os seguintes:

- Número e duración das actividades propostas.
- Nivel de dificultade das actividades propostas.
- Interese e motivación do alumnado
- Tipo de actividades propostas.
- Existencia de efemérides.
- Medidas de atención á diversidade previstas.
- Participación en programas externos.
- Metodoloxía que se aplica.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15000612	CEIP de Arzúa	Arzúa	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	6º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	20
4.2. Materiais e recursos didácticos	21
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	23
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	23
6. Medidas de atención á diversidade	24
7.1. Concreción dos elementos transversais	25
7.2. Actividades complementarias	25
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	25
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	26
9. Outros apartados	26

1. Introducción

O CEIP de Arzúa é un centro rural situado na vila de Arzúa. Conta con 15 unidades (6 de EI e 9 de EP) e con xornada mixta (luns e martes de 9.50 a 17, mércores, xoves e venres de 9.50 a 14.30).

O nivel socioeconómico e cultural da zona é medio, a maioría das familias adícanse ao sector primario e o sector servizos. O alumnado para o que se elabora a programación atópase no 6º nivel de Educación Primaria, con idades comprendidas entre os 10 e 11 anos. Trátase dun grupo formado por 25 alumnos e alumnas, con distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, este o motivo polo que deseñamos unha programación aberta e flexible para que se adapte a cada un/ha deles/as.

As características psicoevolutivas do alumnado de 3º ciclo, resúmense nas seguintes:

- **Ámbito cognitivo:** están no período de operacións concretas (Piaget), diminución do pensamento egocéntrico e aumento da capacidade de centrarse en máis dun estímulo.
- **Ámbito motor:** comezan a consolidar o seu esquema corporal e a tomar conciencia do seu corpo e do ton muscular. Teñen certa torpeza motora, debido a un rápido crecemento óseo, pode producirse un desaxuste entre a altura e a Forza muscular.
- **Ámbito afectivo-social:** comeza a etapa xenital do desenvolvemento psicosexual. O grupo de iguais comeza a desempeñar un papel moi importante.

Os/as alumnos/as aprenden inglés a través de actividades motivadoras con carácter lúdico que permite, de forma inconsciente e natural, a adquisición da lingua estranxeira, e que encerran o reto de potenciar a habilidade do alumnado para percibir o coñecemento dunha lingua estranxeira non só como unha materia máis, senón como o descubrimento dun mundo externo do que todos formamos parte responsable. Promoverase a interacción na clase para desenvolver unha actitude de alerta cara ás normas e os valores sociais, dentro dos principios psicopedagóxicos nos que se fundamenta o deseño curricular para a etapa de Educación Primaria.

Tal como se reflicte na introdución do Decreto polo que se establece o currículo de LE para a Educación Primaria, durante toda a etapa da educación primaria será imprescindible basear a aprendizaxe nos repertorios e experiencias do alumnado, facilitando así a súa participación en actos de comunicación sinxelos: práctica de actividades e estratexias comunicativas de comprensión, produción, interacción e mediación lingüística, entendida nesta etapa como a actividade orientada a facilitar a comprensión mutua e a procesar e transmitir información básica e sinxela. Debemos tentar conseguir que o alumnado adquira as competencias centrándonos, como é lóxico, na Competencia en Comunicación Lingüística e na Competencia Plurilingüe (competencia facilitada polo contexto do alumnado galego, onde deberían ter como linguas nai o galego e o castelán, ademais do inglés aprendido na escola e medios de comunicación, así como o achegamento ao portugués, tan perto do galego a nivel linguaxe como en cercanía territorial) e facendo especial fincapé nas Competencias Sociais e Cívicas e Aprender a Aprender. Por outra parte, incorporar tamén o conxunto de Elementos Transversais neste proceso de aprendizaxe para a convivencia. Tamén terán cabida na aprendizaxe da lingua estranxeira a promoción da igualdade de oportunidades, a non discriminación, a igualdade efectiva entre homes e mulleres, a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos, o rexeitamento a calquera tipo de violencia, o desenvolvemento do espírito emprendedor, a actividade física, a dieta equilibrada, a saúde e toda aprendizaxe dirixida ao desenvolvemento dunha vida respectuosa, responsable e plena.

Nun mundo cada vez máis globalizado, o dominio dunha segunda lingua estranxeira faise necesario, así como o uso das novas tecnoloxías, tanto no aspecto comunicativo como de búsqueda de información.

O profesorado tratará de crear as condicións esenciais para que se produza a aprendizaxe atendendo á diversidade nas habilidades e expectativas de cada alumno/a e a procura do desenvolvemento do talento particular de cada un/ha deles/as. Tamén deberá preparar e organizar o traballo, axudando no desenvolvemento do mesmo, coordinar accións impulsando actitudes positivas cara ao idioma e a cultura dos países falantes da lingua inglesa, captando e desenvolvendo o interese d@ alumn@ cara ao novo e a creatividade, intervindo de forma activa e reflexiva, e tratando os erros como signos de progreso. Pola súa parte, o alumnado deberá participar de forma activa no seu proceso de aprendizaxe, sendo o centro e a razón de ser do proceso educativo.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Back to school	Nesta unidade o alumnado empregará o vocabulario relacionado cos distintos espazos do interior e exterior do centro de cara á elaboración dun vídeo no que os nenos, nenas farán de guías mostrando as distintas dependencias do centro. Cada grupo planificará a súa propia ruta.	10	17	X		
2	Food for friends.	No desenvolvemento desta unidade didáctica, o alumnado ampliará o seu vocabulario relacionado coa alimentación. Darase especial atención a hábitos saudables. Gravación dun programa de cociña. Cada grupo mostrará os seus propios menús.	10	13	X		
3	World records.	O alumnado ao longo desta unidade didáctica, mostrará as mellores paraxes dun destino turístico elexido por eles.. Realización dun folleto(leaflet)de viaxes resaltando as ventaxas de ditos destinos.	15	12	X		
4	The festival.	Nesta unidade didáctica os alumnos expondrán detalles característicos de celebracións destacadas da súa contorna. Reportaxe en formato dixital sobre unha festividade importante.	15	14		X	
5	School trip	Ao longo desta unidade, o alumnado escoitará e leerá diversos paraxes de dito libro aprendendo a nomear as distintas variantes meteorolóxicas e a describir aspectos variables da personalidade das personaxes. Por parellas, os alumnos escollerán distintos extractos do libro e realizarán un act out.	15	14		X	
6	Telling a story	O alumnado aprenderá a cerca dunha civilización pasada mediante a utilización de vocabulario referente ao pasado. Deseño dunha guía e enquisa dun museo a visitar. Presentación dos resultados.	20	20			X
7	Gender equality and social civic values.	O alumnado aprenderá valores como o respecto, igualdade e tolerancia cara outras persoas e culturas.	15	15	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Back to school	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, adecuados ao nivel de desenvolvemento do alumnado, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre as distintas aulas e zonas do centro.	PE	60
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia.	Redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal para o alumnado.		
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas de uso frecuente propias da lingua estranxeira.	Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre as distintas aulas e zonas do centro, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais.		
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación.	Utilizar, de forma guiada, en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación.	TI	40
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas.		
CA3.1 - Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais, construindo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, e mostrando rexeitamento ante calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais mostrando rexeitamento ante calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe (a aceptación do erro como oportunidade de mellora). - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir as distintas aulas e zonas dun colexio. ún adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse.

Contidos

- Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre.
- Léxico relativo ás distintas aulas e zonas dun colexio.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder eficazmente a unha necesidade concreta, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.
- Comunicación e relación con persoas doutros países, a través da lingua estranxeira: acceso a nova información, culturas e modos de vida diferentes.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Participación en intercambios comunicativos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios.

UD	Título da UD	Duración
2	Food for friends.	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, adecuados ao nivel de desenvolvemento do alumnado, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre as distintos alimentos e os seus ingredientes.	PE	60
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia.	Redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal para o alumnado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos.	Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos.		
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiás e de relevancia, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira.	Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre as distintos alimentos e os seus ingredientes, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais.		
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación.	Utilizar, de forma guiada, en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación.		
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións de comunicación nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións de comunicación nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas	TI	40
CA2.3 - Rexistrar e utilizar, de maneira guiada, os progresos e dificultades no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, recoñecendo os aspectos que axudan a mellorar e realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Utilizar, de maneira guiada, os progresos e dificultades no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, recoñecendo os aspectos que axudan a mellorar e realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos básicos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos básicos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Técnicas de aprendizaxe. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe (a aceptación do erro como oportunidade de mellora). - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no

Contidos

- espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade.
- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir diversos alimentos e os seus ingredientes.
- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, o espazo e as relacións espaciais; o tempo, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas elementais.
- Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre.
- Léxico relativo aos alimentos e os seus ingredientes.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).
- Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, sexan presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar indicacións, aclaracións e explicacións adaptadas ao seu nivel, colaborar, comparar e contrastar.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa ¿(aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.
- Comparación elemental entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos.
- Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

UD	Título da UD	Duración
3	World records.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiás de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, adecuados ao nivel de desenvolvemento do alumnado, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobrediversos destinos turísticos.	PE	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, coñecendo e aplicando algúns principios da ética cristiá, plasmando as súas conclusións en diferentes soportes.	Promove actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta. Coñece e aplica algúns principios da ética cristiá. Plasma as súas conclusións sobre as actitudes que melloran a sustentabilidade e a convivencia en diferentes soportes.		
CA1.4 - Participar en accións solidarias e de servizo á comunidade, recoñecendo aqueles grupos sociais máis vulnerables, tendo en conta como Xesucristo cambiou a súa realidade e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade.	Participa en accións solidarias e de servizo á comunidade. Recoñece os grupos sociais máis vulnerables. Ten en conta como Xesús cambiou a maneira de comprender a realidade dos grupos sociais máis vulnerables e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade.		
CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubrinto como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.	Reflexiona sobre algúns principios xerais da ética cristiá. Coñece a realización dalgúns principios xerais da ética cristiá en biografías significativas e movementos sociais. Descobre como se poden poñer en práctica principios da ética cristiá nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.		
CA1.6 - Cooperar activamente na construción dunha convivencia pacífica e democrática recoñecendo, en iniciativas e proxectos eclesiais, aqueles valores morais que promoven o ben común.	Coopera activamente na construción dunha convivencia pacífica e democrática. Recoñece en iniciativas e proxectos eclesiais e sociais, aqueles valores morais que promoven o ben común.		
CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso.	Valora a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual. Interpreta e respecta o relixioso na pluralidade de culturas.		
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Comprende as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesús. Coñece as claves para construír o propio sistema de valores e crenzas. Recoñece a necesidade de orientar cara ao ben común as crenzas persoais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas.

Contidos

- Os dereitos humanos en diálogo coa visión cristiá.
- A responsabilidade persoal e social desde o punto de vista cristián.
- Situacións vitais que expoñen preguntas existenciais ou morais para a persoa.
- A influencia das accións individuais na transformación social á luz da ética cristiá.
- Valoración da dimensión espiritual e relixiosa nun mesmo e nos demais.
- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- A preferencia de Xesucristo polas persoas marxinadas.
- A vida cristiá e a celebración dos sacramentos.
- María, modelo de crente.
- Recoñecemento do papel das mulleres na Biblia e na historia da Igrexa.
- Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común.
- Valores propios do Evanxeo: as benaventuranzas e o Reino de Deus.
- A visión cristiá da interdependencia, eco-dependencia e interrelación.
- Análise de situacións próximas de vulnerabilidade e deseño de propostas transformadoras aplicando os principios da ética cristiá.
- Compromiso e transformación social na acción da Igrexa.
- A responsabilidade e o respecto no uso dos medios de comunicación e as redes sociais.
- Pensamento crítico e ético para a convivencia democrática.

UD	Título da UD	Duración
5	Somos tribu.	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural.	Recoñece e aprecia, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social. Promove o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.	Asume o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas. Analiza e reflexiona sobre textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.		
CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso.	Valora a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual. Interpreta e respecta o relixioso na pluralidade de culturas.		
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Comprende as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesús. Coñece as claves para construír o propio sistema de valores e crenzas. Recoñece a necesidade de orientar cara ao ben común as crenzas persoais.		
CA1.12 - Coñecer o Credo da fe cristiá, poñéndoo en diálogo con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións.	Coñece o Credo, que é como un resumo, da fe cristiá. Dialoga, desde o Credo, con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A responsabilidade persoal e social desde o punto de vista cristián. - Situacións vitais que expoñen preguntas existenciais ou morais para a persoa. - Valoración da dimensión espiritual e relixiosa nun mesmo e nos demais. - Expresión, en diversas linguaxes da propia vivencia persoal, ao redor das festividades, tradicións e celebracións relixiosas. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Ritos, tradicións e festas de diversas relixións en torno ao nacemento, o matrimonio e a morte, explicitando a achega do cristianismo. - Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas coas doutras culturas e relixións. - A relación de Xesús co seu Pai e co Espírito: Divos Trindade. - O Credo da Igrexa católica. - Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Establecemento dun primeiro diálogo fe e ciencia, desde o respecto, a curiosidade e escóitaa. - Aprecio do diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática.

UD	Título da UD	Duración
6	O agasallo da creación.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, coñecendo e aplicando algúns principios da ética cristiá, plasmando as súas conclusións en diferentes soportes.	Promove actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta. Coñece e aplica algúns principios da ética cristiá. Plasma as súas conclusións sobre as actitudes que melloran a sustentabilidade e a convivencia en diferentes soportes.	TI	100
CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubriendo como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.	Reflexiona sobre algúns principios xerais da ética cristiá. Coñece a realización dalgúns principios xerais da ética cristiá en biografías significativas e movementos sociais. Descobre como se poden poñer en práctica principios da ética cristiá nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.		
CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso.	Valora a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual. Interpreta e respecta o relixioso na pluralidade de culturas.		
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Comprende as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesús. Coñece as claves para construír o propio sistema de valores e crenzas. Recoñece a necesidade de orientar cara ao ben común as crenzas persoais.		
CA1.12 - Coñecer o Credo da fe cristiá, poñéndoo en diálogo con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións.	Coñece o Credo, que é como un resumo da fe cristiá. Dialoga, desde o Credo, con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.
- Os dereitos humanos en diálogo coa visión cristiá.
- A responsabilidade persoal e social desde o punto de vista cristián.
- Situacións vitais que expoñen preguntas existenciais ou morais para a persoa.
- A influencia das accións individuais na transformación social á luz da ética cristiá.
- Valoración da dimensión espiritual e relixiosa nun mesmo e nos demais.
- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas coas doutras culturas e relixións.
- A preferencia de Xesucristo polas persoas marxinadas.
- O Credo da Igrexa católica.
- Recoñecemento do papel das mulleres na Biblia e na historia da Igrexa.
- Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común.
- A visión cristiá da interdependencia, eco-dependencia e interrelación.
- A responsabilidade e o respecto no uso dos medios de comunicación e as redes sociais.
- Establecemento dun primeiro diálogo fe e ciencia, desde o respecto, a curiosidade e escóitaa.

UD	Título da UD	Duración
7	Emoción-arte.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes.	Comprende e valora como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos. Comprende e valora como o patrimonio relixioso cristián inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes.	TI	100
CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural.	Promove o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.	Asume o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas. Analiza e reflexiona sobre textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.		
CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso.	Valora a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual. Interpreta e respecta o relixioso na pluralidade de culturas.		
CA1.12 - Coñecer o Credo da fe cristiá, poñéndoo en diálogo con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións.	Coñece o Credo, que é como un resumo da fe cristiá. Dialoga, desde o Credo, con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Valoración da dimensión espiritual e relixiosa nun mesmo e nos demais. - Expresión, en diversas linguaxes da propia vivencia persoal, ao redor das festividades, tradicións e celebracións relixiosas. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - O Credo da Igrexa católica. - Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Aprecio do diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática.

UD	Título da UD	Duración
8	Somos festeiros.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes.	Comprende e valora como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos. Comprende e valora como o patrimonio relixioso cristián inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes.		
CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.	Asume o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas. Analiza e reflexiona sobre textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.	TI	100
CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso.	Valora a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual. Interpreta e respecta o relixioso na pluralidade de culturas.		
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Comprende as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesús. Coñece as claves para construír o propio sistema de valores e crenzas. Recoñece a necesidade de orientar cara ao ben común as crenzas persoais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A responsabilidade persoal e social desde o punto de vista cristián. - Valoración da dimensión espiritual e relixiosa nun mesmo e nos demais. - Expresión, en diversas linguaxes da propia vivencia persoal, ao redor das festividades, tradicións e celebracións relixiosas. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Ritos, tradicións e festas de diversas relixións en torno ao nacemento, o matrimonio e a morte, explicitando a achega do cristianismo. - A relación de Xesús co seu Pai e co Espírito: Divos Trindade. - A preferencia de Xesucristo polas persoas marxinas. - A paixón, morte e resurrección de Xesús e a celebración da Pascua na Igrexa. - A vida cristiá e a celebración dos sacramentos. - María, modelo de crente. - Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas.

Contidos

- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- Valores propios do Evanxeo: as benaventuranzas e o Reino de Deus.
- A responsabilidade e o respecto no uso dos medios de comunicación e as redes sociais.
- Establecemento dun primeiro diálogo fe e ciencia, desde o respecto, a curiosidade e escóitaa.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Coa LOMLOE promocionase unha metodoloxía que fomente a aprendizaxe competencial cun tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sostible, da igualdade entre mulleres e homes, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, do acoso e do ciberacoso escolar, así como a cultura de paz e os dereitos humanos.

A adquisición e o desenvolvemento das competencias clave do perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, que se concretan nas competencias específicas de cada materia ou ámbito da etapa, veranse favorecidos por metodoloxías didácticas que recoñezan ao alumnado como axente da súa propia aprendizaxe. Para iso é imprescindible a implementación de propostas pedagóxicas que, partindo dos centros de interese dos alumnos e alumnas, lles permitan construír o coñecemento con autonomía e creatividade desde as súas propias aprendizaxes e experiencias. As situacións de aprendizaxe representan unha ferramenta eficaz para integrar os elementos curriculares das distintas materias ou ámbitos mediante tarefas e actividades significativas e relevantes para resolver problemas de maneira creativa e cooperativa, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión crítica e a responsabilidade.

Para que a adquisición das competencias sexa efectiva, ditas situacións deben estar ben contextualizadas e ser respectuosas coas experiencias do alumnado e as súas diferentes formas de comprender a realidade. Así mesmo, deben estar compostas por tarefas complexas, a resolución das cales debe conlevar a construción de novas aprendizaxes. Con estas situacións búscase ofrecer ao alumnado a oportunidade de conectar e aplicar o aprendido en contextos próximos á vida real. Así expostas, as situacións constitúen un compoñente que, aliñado cos principios do Deseño universal para a aprendizaxe, permite aprender a aprender e sentar as bases para a aprendizaxe ao longo da vida, fomentando procesos pedagóxicos flexibles e accesibles que se axusten ás necesidades, as características e os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.

O deseño destas situacións debe supoñer a transferencia das aprendizaxes adquiridas por parte do alumnado, posibilitando a articulación coherente e eficaz dos distintos coñecementos, destrezas e actitudes propios desta etapa. As situacións deben partir da formulación duns obxectivos claros e precisos que integren diversos saberes básicos. Ademais, deben propoñer tarefas ou actividades que favorezan diferentes tipos de agrupamentos, desde o traballo individual ao traballo en grupos, permitindo que o alumnado asuma responsabilidades persoais e actúe de forma cooperativa na resolución creativa do reto exposto.

A súa posta en práctica debe implicar a produción e a interacción verbal e incluír o uso de recursos auténticos en distintos soportes e formatos, tanto analóxicos como dixitais. As situacións de aprendizaxe deben fomentar aspectos relacionados co interese común, a sustentabilidade ou a convivencia democrática, esenciais para que o alumnado sexa capaz de responder con eficacia aos retos do século XXI. As formulacións metodolóxicas desta materia fundaméntanse, globalmente, na atención personalizada ao alumnado, na diversidade de actividades, estratexias, recursos e outros métodos didácticos; no coidado do desenvolvemento emocional e cognitivo do alumnado respectando o seu ritmo evolutivo; na aprendizaxe individualizada e cooperativa; na relación das aprendizaxes coa contorna, nun enfoque competencial orientado á acción, o emprendemento e a aplicación dos saberes.

Será necesario ter en conta as condicións persoais, sociais e culturais de todos os alumnos e alumnas para detectar necesidades específicas e propoñer accións de reforzo ou ampliación, flexibilizando os procesos e garantindo a inclusión de todo o alumnado. A avaliación compréndese como parte deste proceso de ensino e aprendizaxe.

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; como docente paso a ser xestora de coñecemento do alumnado, e o alumno/a adquire un maior grao de protagonismo, para que adquira as competencias adecuadas á súa idade. Por iso partirei dos coñecementos que ten o alumnado e da súa experiencia e, utilizarei, cando sexa posible, unha aprendizaxe por descubrimento. Prepara ao alumnado para a vida, ensinándoos a comprender e valorar con espírito crítico. Non pode existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolven todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se encontra a

capacidade transcendente; por iso, debemos ter en conta que cada alumno/a parte dunhas fortalezas individuais que serán base para construír a súa identidade e a dos outros. E axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que se realicen estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

A didáctica da materia de Relixión Católica exposta en termos dun currículo competencial haberá de promover o protagonismo do alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe. Algúns dos pasos para seguir nas secuencias de aprendizaxe son:

- Partir da experiencia concreta do alumno e a alumna, e da súa realidade persoal, familiar, social e cultural;
- Identificar e formular con pensamento crítico os interrogantes e cuestións que suscitan estas situacións;
- Buscar, analizar e actuar correctamente sobre si mesmos, os demais, a sociedade e o medio que os rodea. Valorando a reflexión e o pensamento crítico do alumnado para facilitar a significatividade do aprendido e a súa aplicabilidade á vida.
 - Elaborar respostas persoais e sociais desde a liberdade individual con pleno respecto ás ideas dos demais, contrastadas cos principios do ensino social da Igrexa;
 - Dialogar con outras cosmovisións e relixións, para a construción da vida en sociedades plurais e democráticas baseadas no ben común;
 - Comunicar con asertividade e empatía as ideas e crenzas propias utilizando con creatividade diversas linguaxes;
 - Aplicar este proceso formativo na construción da identidade persoal e do proxecto vital como preparación para a aprendizaxe para toda a vida, e na transformación social.

A diversidade de metodoloxías activas que se poden aplicar haberán de ter en conta os pasos deste itinerario pedagóxico e as competencias específicas, os criterios de avaliación e os saberes básicos, é dicir, as aprendizaxes esenciais desta materia. As orientacións metodolóxicas e para a avaliación programadas harmonizarán de forma coherente estas aprendizaxes que se propoñen na materia de Relixión Católica, as necesidades propias do alumnado, e os obxectivos de etapa e o perfil de saída.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais
Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais
Recursos espaciais
Material específico e convencional da aula

Recursos persoais: Formado por todos os profesionais do centro educativo, dende o profesorado da asignatura ata o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden no noso labor como docentes.

Recursos materiais: Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina e outras pastas para modelar, maquetas, recursos fotocopiáveis, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta, libros de arte, libros sobre valores, biografías de personaxes culturalmente relevantes, libros sobre personaxes sagrados importantes, libros sobre outras relixións, a Biblia didáctica... Recursos tecnolóxicos ordenadores, robots educativos, encerados dixitais, proxectores, tabletas...

Recursos dixitais: Libro dixital E-dixgal, aula virtual, enciclopedias online, biblia online, vídeos educativos, libros dixitais, kahoot para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

Recursos espaciais: A propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo... así como os diversos espazos da contorna.

Material específico e convencional da aula: Encerado, mesas, sillas, paneis, xogos e puzzles, Biblioteca de aula...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información do desenvolvemento de cada alumno e alumna.
- Recollida de información nas entrevistas iniciais do profesorado coas familias ou a través dos titores, para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar...
- Mediante o diálogo e a través de preguntas abertas, aproveitando algunha actividade de presentación divertida e motivadora; ou a partir de actividades lúdicas sinxelas on line na PDI.

A avaliación inicial de carácter informativo, vai dar unha idea das capacidades e as actitudes do alumnado co obxecto de adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á realidade das súas posibilidades.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	10	20	20	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.

A Avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante os instrumentos: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento do caderno, e algunha proba obxectiva, de ser o caso. Servirá para ver se acadan os obxectivos e as competencias previstos e ademais para comprobar se se avanza no tema ou se hai que retomar aspectos que non quedan claros.

Os criterios de cualificación son os instrumentos que se utilizan para obter o resultado da cualificación do alumnado nunha determinada avaliación.

Estes instrumentos (que establecerei con escalas de observación, rexistros, rúbricas... segundo a consecución do logro de maior a menor grado) permitiranme recoller información relevante sobre os resultados de aprendizaxe e en base aos seguintes criterios de cualificación:

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

- a) Parte actitudinal..... 40%
Aproveitamento do tempo.
Esforo e participación con interese en cada sesión.
Respecto aos mestres/as e aos compañeiros/as.
Respecto ás normas de funcionamento na clase.
Atende e participa nas explicacións.
Responde ás preguntas orais / escritas (competencia en comunicación lingüística).
- b) Parte conceptual. Análise das producións individuais..... 30%
O traballo está completo e correxido. Presentación e limpeza.
Realización das tarefas e actividades cumprindo as normas da clase (plásticas, escritas, orais..)
- c) Parte procedimental (actividades máis prácticas): Manualidades, xogos, actividades coas novas tecnoloxías (competencia dixital)..... 20%
Con boa actitude, traballo, esforzo, motivación...
Móstrase con interese por facer actividades novas e de distinta índole...
- d) Comportamento en xeral na aula..... 10%

Cos resultados obtidos dos instrumentos que medimos na avaliación asignarase unha cualificación.

O método de avaliación será o de avaliación continua, como xa comentei con anterioridade, onde o alumno/a se avalía constantemente. Desta avaliación xurdirán as diferentes cualificacións por trimestre e a final.

Crterios de recuperación:

Dado que o proceso de avaliación do alumnado é continuo, as dificultades serán detectadas con rapidez e se facilitará que o alumnado se poña ao día co traballo non realizado ou cos saberes non adquiridos.
O alumnado que precise recuperar, recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non acadase con pautas que faciliten a recuperación e o progreso na aprendizaxe, con xogos máis manipulativos, actividades lúdicas na PDI, tablet, app da Biblia, na aula virtual ... con propostas sinxelas de reforzo...

Tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe do alumno ou alumna, solicitaré axuda ao equipo de orientación do centro e ao titor/a do alumno/a para organizar un plan específico de reforzo para que, durante o resto de curso, poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

6. Medidas de atención á diversidade

De forma xenérica, podemos dicir que no artigo 75 da LOMLOE se indica a necesidade de actuar baixo o prisma da inclusión e atención á diversidade en todos os ámbitos educativos.

1. Co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade, nesta etapa poñerase especial énfase na atención individualizada aos alumnos e alumnas, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo para evitar a permanencia nun mesmo curso, particularmente en contornas socialmente desfavorecidas.
2. Corresponderá igualmente ás administracións educativas establecer a regulación que permita aos centros adoptar as medidas necesarias para responder as necesidades educativas concretas dos seus alumnos e alumnas, tendo en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe.
3. As administracións educativas impulsarán que os centros establezan medidas de flexibilización na organización das áreas, os ensinamentos, os espazos e os tempos, e promovan alternativas metodolóxicas, a fin de personalizar e mellorar a capacidade de aprendizaxe e os resultados de todo o alumnado.
4. Ditas medidas, que formarán parte do proxecto educativo dos centros, estarán orientadas a permitir que todo o alumnado alcance o nivel de desempeño esperado ao termo da Educación Primaria, de acordo co perfil de saída e a consecución dos obxectivos da Educación Primaria, polo que en ningún caso poderán supoñer unha discriminación que impida a quen se beneficie delas promocionar ao seguinte ciclo ou etapa.
5. Os mecanismos de apoio e reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe serán tanto organizativos como curriculares e metodolóxicos. Entre eles poderán considerarse o apoio no

grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

6. Adoptaranse medidas curriculares e organizativas inclusivas para asegurar que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo poida alcanzar os obxectivos e as competencias da etapa. En particular, favorecerase a flexibilización e o emprego de alternativas metodolóxicas no ensino e a avaliación da lingua estranxeira, especialmente con aquel alumnado que presente dificultades na súa comprensión e expresión.

Igualmente, estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades deste alumnado.

O currículo da materia de Relixión Católica, tamén nas súas orientacións metodolóxicas, aposta por unha educación personalizada, que pon á persoa no centro de todos os procesos educativos. Isto esixe acompañar a cada alumno e alumna tendo en conta a súa personalidade e o seu propio ritmo de aprendizaxe, acoller e coidar a súa experiencia persoal, familiar e social, respectar a súa autonomía e liberdade, promovendo os vínculos cos demais para crecer individual e comunitariamente. Coa atención personalizada favorécese o compromiso e a implicación dos propios estudantes no seu proceso de coñecemento, atendendo a todas as dimensións da personalidade de maneira integrada.

Ao longo das unidades didácticas atenderase á diversidade de todo o alumnado propoñendo actividades non discriminatorias, métodos de carácter compensador, actividades variadas para os diferentes ritmos, instrumentos de avaliación flexibles, ou valores que inclúan a pluralidade do alumnado. Plantéxanse actividades moi sinxelas, máis manipulativas e visuais para aquel alumnado que teña un ritmo de aprendizaxe máis lento ou que amose dificultades concretas nalgún contido. Tamén se propoñen actividades máis complexas para aquel alumnado que teña un maior ritmo de aprendizaxe ou que posúa aptitudes para ampliar certos contidos. Para os alumnos/as con altas capacidades intelectuais ou unhas condicións extraordinarias para a materia facilitaranse actividades de ampliación, así como traballos voluntarios.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Ao traballar os mesmos descritores operativos que as demais materias, a materia de Relixión pode integrarse como una materia máis nos proxectos de interdisciplinariedade e o traballo por ámbitos. Nos propios saberes recóllese a relación de transversalidade con outras disciplinas.

A área de Relixión Católica é en si unha educación en valores, polo tanto tamén inclúo neste apartado, porque considero importantes traballar en todas as unidades, valores fundamentais coma: o respecto, o compañeirismo, a amizade, o amor, a alegría, o perdón, as familias, a caridade, a tolerancia, a interculturalidade, compartir, axudar,....

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións e festas	Participarase en distintas celebracións e conmemoracións ao longo do curso: Nadal, Día da Paz, Día do Libro...	X	X	X
Campañas solidarias	Participarase en campañas cun fin solidario: recollida de roupa, xoguetes, alimentos, libros... (Cruz Vermella e outras)	X		
Proxectos medioambientais	Poderase participar en proxectos baseados na recuperación e defensa da natureza: horta escolar, invernadoiro, outros....		X	X
Contacontos	Participarase en actividades de promoción da lectura e dos valores a través dos contos.	X	X	X

Observacións:

Mediante a realización de actividades complementarias e extraescolares preténdese conseguir os seguintes obxectivos:

- Ampliar o horizonte cultural do alumnado.
- Adquirir uns valores e actitudes que, como a tolerancia e o respecto, son fundamentais na convivencia.
- Fomentar a autonomía.
- Coñecer e familiarizarse con acontecementos culturais que habitualmente non se ofrecen nos medios de comunicación de masas.
- Conseguir mellorar as súas competencias básicas en contextos distintos.
- Complementar o currículo das diferentes áreas.
- Fomentar as inquéntanzas culturais no alumnado e contribuír ao seu desenvolvemento mediante actividades lúdicas.
- Favorecer o desenvolvemento de temas transversais.
- Desenvolver no alumnado valores de liberdade, responsabilidade, solidariedade e espírito crítico, fomentando as súas habilidades sociais.

As actividades complementarias que propoño serán experiencias de aprendizaxe emocionalmente positivas e divertidas, e, aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza, para potenciar a súa autoestima e integración social e o establecemento dun apego seguro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Idoneidade das actividades propostas para acadar as aprendizaxes
Metodoloxía empregada
Combinación do traballo individual e en equipo de xeito eficiente
Medidas de atención á diversidade
Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado
Facilitación a cada alumna e alumno da axuda individualizada precisa
Atención adecuada á diversidade do alumnado
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado
Tento facer clases amenas e motivadoras
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Información do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado, persoa titora e familia
Outros
Incorporación das novas tecnoloxías ao proceso de ensino-aprendizaxe

Descrición:

Ademáis dos citados indicadores de logro, poderase incluír:

Se a programación se axusta ao marco normativo curricular estatal e autonómico e ao currículo de Relixión; se a estrutura da situación de aprendizaxe inclúe todos os elementos formais; se está adaptada ás características do centro e do grupo; se vincula este curso co perfil de saída, os descritores operativos e obxectivos de cada etapa; se se tivo en conta a diversidade do alumnado en canto a capacidades, distintos niveis cognitivos, ritmos e estilos de traballo; habilidades, estilos de aprendizaxe; se se planificou a partir dos criterios de avaliación que establece o currículo utilizando en cada secuencia aqueles saberes que permiten progresar na adquisición da correspondente competencia específica; se se tiveron en conta os descritores operativos das competencias clave e se buscou o diálogo curricular con outras materias; si é adecuada aos criterios de avaliación.

Se como profesora reflexionei e avalie a miña labor docente durante todo o desenvolvemento da situación de aprendizaxe, realizando modificacións (nas tarefas, nos contidos, na metodoloxía) cando foi necesario; se utilicei variadas ferramentas de avaliación ao longo da tarefa (rúbricas, observación, probas escritas ou orais); se tiven en conta os criterios de cualificación acordados e difundidos e se estes criterios van referidos non só a resultados de probas senón ao logro de competencias.

Non haberá exames como tales. As notas actualizaréinas no programa XADE cada trimestre.

En caso de ter un caso de NEE na aula, avaliarei segundo a súa ACI, sen impedir promocionar ao alumnado. En caso de NEAE, adaptaremos a avaliación a esas necesidades.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizarase o seguimento a través da aplicación Proens, farase na medida do posible, ao remate de cada situación de aprendizaxe, asegurando que se completou ao finalizar o trimestre. Os datos recollidos no seguimento permitirán tomar decisións cara á programación do seguinte curso académico.

PROCEDEMENTOS DE SEGUIMENTO

Coa LOMLOE establécese que a avaliación será continua e global e que se deben establecer medidas de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no proceso de E-A de cada alumno/a. Ao ser unha avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante:

* o seguimento a través da aplicación Proens, revisando os datos de cada UD: data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grao de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións ; coa frecuencia que se acorde coa coordinadora de 3º ciclo de E.P.

* e os instrumentos xa sinalados para cada Ud.: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento da economía de fichas ou do caderno, e probas obxectivas, de ser o caso. Servirán para ver se van acadando os obxectivos e competencias previstos e ademais para que a mestra saiba se pode seguir avanzando ou ten que retomar aspectos que non quedaron demasiado claros.

A AVALIACIÓN do alumnado, levarase a cabo por parte do equipo docente de forma colexiada e nunha única sesión ao finalizar o curso. O resto, son parte do proceso de seguimento do progreso dos alumnos/as, isto é, a avaliación continua que se fai cada trimestre do curso.

PROPOSTAS DE MELLORA de cara ao presente curso e de cara ao seguinte ano académico:

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

SI CASE SEMPRE CASE NUNCA NON

PROPOSTAS DE MELLORA

* Preparación da clase e dos materiais didácticos:

- Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.
- Existe unha distribución temporal equilibrada.
- O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.

* Utilización dunha metodoloxía adecuada e de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais (TACs):

- A metodoloxía axústase ás necesidades e intereses do alumnado.
- A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.
- Faise uso de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais e Tecnoloxías da aprendizaxe e Comunicación (TACs).

* Regulación da práctica docente:

- Grao de seguimento dos alumnos/as medio- alto .
- Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.
- Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.

* Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá ao alumnado e ás familias:

- Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.
- Consecución dos alumnos/as dos estándares de aprendizaxe programados.
- Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.
- Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.
- Os aprendizaxes mínimos e os criterios de cualificación déronse a coñecer: aos alumnos e as familias.

* Utilización de medidas para a atención á diversidade:

Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.

- As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.
- Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.

9. Outros apartados